

Castelao e o País vasco

XOSE ESTEVEZ

Universitat de Deusto

I. LIMIAR NECESARIO

Antes mergullarme na análise do tema proposto coido que é moi convinte inserir algunhas precisións que o encadren axeitadamente.

— 1a.-Hoxe Castelao é o persoeiro galego máis admirado e coñecido no País Vasco. Coido que algúns datos son dabondo siníficativos.

Dirixida polo deputado do PNV, Iñaki Anasagasti, publicouse no ano 1985 unha excelente obra, «Castelao y los vascos», que analisaba as relacións entre o rianxeiro e os nacionalistas vascos, principalmente durante o exilio. Eu mesmo presenteí unha longa comunicación ó Congreso Castelao, celebrado en 1986 en Santiago de Compostela co título, «Castelao e o nacionalismo vasco (1931-1937)». Poden atoparse obras do propio Castelao traducidas ó eusquera por escritores euskalduns de sona como Gabriel Aresti, Koldo Izagirre ou Antonio María Labayen. O primeiro versionou «Nós»; o segundo «Ollo de vidro» (*Kristalezko begia*) e «Retrincos» (*Zirtzillak*) o terceiro «Os vellos non deben namorarse» (*Agurreok maitemindu bear ez*). Esta peza teatral foi enteiramente refeita a súa tradución por Koldo Izagirre e representada, con un rotundo éxito, en Donostia, no centro Koldo Mitxelena, o 2 de xuño deste co gallo dunha semana dedicada a Castelao. Tamén traduciu Bego Montorio unha antoloxía do «Sempre en Galiza», con limiar de Xosé Estévez, (*Beti Galizan. Sempre en Galiza-ko pasarteak*) e Ramón Etxezarreta «Os dous de sempre» (*Betiko biok*) e «Cousas» (*Gauzak*). Teño entendido que o discurso «Alba de Groria» foi traducido ó eusquera en Bos Aires, pero ende máis achei ningún exemplar, aínda que as miñas pescudas foron intensas.

A ridente e luxuriosa paisaxe euskadiana está enfeitizada por rúas, prazas e monumentos dedicados ó rianxeiro.(xeneiro de 1980: rúa en Trintxerpe; 1986: placa na mesma rúa; 1986: monumento en Eibar; 1992; parque en

Donostia; 1996, monumento no parque de Txurdinaga en Bilbao)

— 2a.-Canea unha opinión xeralizada de que o Nacionalismo galego estivo moi vencellado teórica e practicamente ó paradigma modélico do Catalanismo, alomenos dende o punto de vista ideolóxico. Si ben pode ser certa esta afirmación, tampouco é unha falsedade decrarar i espicitar os fortes vencellos entre os galeguistas e os nacionalistas vascos, pois non é cativa a cantidade deles que mantiveron contactos (mitins, adhesións, parrafeos, colabouras periodísticas, etc.) e relacións políticas, que, inclusive, se traduciron en acordos firmados.

Non estaría demáis sinalar que antes xa da creación das Irmandades da Fala existiron persoeiros galegos, sementadores da identidade cultural e nacional, fortemente vencellados ó País Vasco: Aurelio Aguirre Galarraga, Manuel M. Murguía e a mesma Rosalía de Castro.

Manuel Murguía deixou escritas estas verbas sobor da súa nai e o amor que verqueu pola terra galega, querendo á patria vasca:

«Con razón o sin ella, locura o posibilidad, desde que aliento, vive en mí un sentimiento y una aspiración que, sin dejar de ser los mismos, han ido transformando los años, la experiencia y los sucesos. A este sentimiento, a esta aspiración de toda mi vida no he faltado jamás. Le soy fiel, como en los primeros días de las esperanzas juveniles. Mi madre, que era de aquella tierra en que ni se teme ni se miente, me dio con su sangre eterno amor al país natal. (Bien sabido es el gran amor que los vascongados profesan a su país, distinguiéndose entre todos, los guipuzcoanos, por la exaltación de este noble afecto y especial cualidad. Asentados en los límites de España, vienen a ser como el centro y el corazón de la antigua familia euskera, de la cual tienen todas las virtudes. Sobre todo una muy viva y completa preferencia por su país, por sus hombres y por sus cosas). Duden los que quieran de las influencias maternas; yo las confieso y reconozco y proclamo como una verdad innegable. En mis horas de desaliento y tribulación aprendí a conocer que del corazón de mi madre venía aquel enérgico movimiento que me arrastraba sin vacilación ni temor a los combates y al peligro. ¡Qué no en vano me dio por primera patria, aquellas vivas entrañas nacidas y criadas en tierra libre y entre hombres que jamás fueron esclavos!

Es imposible que lo olvide, pues influyó de una manera decisiva en la dirección que día a mis estudios, y en la esperanzas que abrigué desde los primeros años».

Rosalía de Castro no adro de «Cantares Gallegos» expresa nidiamente o desexo imitador do vizcaino Antonio de Trueba, «Antón dos Cantares», a hora de compoñer o libro:

«As miñas forzas é certo quedaron moito mais abaixo d'ó que alcanzaron os meus deseyos, e por eso comprendendo canto poidera facer neste un gran poeta, dóyome inda mais da miña insuficenza. *O libro d'os Cantares* de D. Antonio Trueba, que m'inspirara e der' alento prá levar á cabo iste traballo, pas pó-lo meu pensamento com'un remorso, e casi asoman as vagoas ós meus ollos ó pensar

como Galicia se levantaria hastr'ó lugar que lle corresponde, si un poeta como Anton ó d'os Cantares, fose o destinado prá dar á conocer as suas bellezas e ás suas costumes. Mais á miña infeliz patria, tan desventurada neste como en todo ó mais, tense que contentar c'un-has páxinas frias e insulas, qu'ápenas serian dinas d'achegarse de lonxe ás portas do Parnaso, como non fose po-lo nobre sentimento c'as creou».

Sen pretensións esgotadoras, adxunto unha curta tabela de galeguistas, achegados de diferentes xeitos, ó Nacionalismo vasco.

Antón Lousada Diéguez, que estudou na Universidade de Deusto, acadou unha fonda amizade con un nacionalista vasco: Irigoyen, mantida longos anos ó traveso dunha costante correspondencia, e amosouse sempre como un aferra-mo euskerófilo, asegún o mesmo Vicente Risco asentaba.

Lois Peña Novo remesaba o 4 de Setembro de 1918 á Sociedade de Estudos Vascos un telegrama, en galego, de fervente noraboa en nome das Irmandades da Fala co gallo da celebración do I Congreso de Estudos Vascos, en Oñate.

Ramón Martínez López, como Segretario do Seminario de Estudos Galegos, mantiña correspondencia con Anxo de Apraiz, Segretario da Sociedade de Estudos Vascos. É merecente de suliñar unha carta do 21 de Maio de 1929 na que o Seminario fáise socio da Sociedade de Estudos Vascos, cunha cuota de 17 pesetas.

Federico Zamora e Alfredo Somoza, como representantes das Irmandades da Fala e Irmandade Nazonalista Galega, asinaron o pacto da Triple Alianza en Barcelona, o 11 de Setembro de 1923.

Antón Villar Ponte, en nome da I.N.G., remesaba, en 1923, unha carta de sincero pesar á «Comunión Nacionalista Vasca», co gallo do pasamento de Luis de Eleizalde, importante ideólogo do Nacionalismo Vasco. Pero, ademáis, o propio Villar Ponte colaborou con artigos no xornal nacionalista vasco, «El Día», de Donostia.

Eloy Luis André tamén remesou as súas sonadas: «Bases para la Constitución del Estado Federal Gallego», ó xornal nacionalista de Bilbao, «Euskadi», que iste incluiu enteiras, comentándoas eloxiosamente.

Alvaro das Casas asinou o Pacto de Santiago de Compostela o 25 de Xullo de 1933 ou Galeuzca, realizou a viaxe triangular a Euskadi e Catalunya, como relatou na revista «Alento», e até, dende Italia, enviou un artigo ó xornal, «El Día», encol da guerra de Abisinia.

Alexandre Bóveda, ademáis de residir algún tempo en Euskadi, selou tamén o pacto «Galeuzca» ou de Santiago de Compostela, intervindo activamente na súa redacción e na viaxe triangular por terras galegas, como reflexa o seu diario.

Vicente Risco, máis catalánofilo que euskerófilo, non deixou de manter contactos e admirar ó Nacionalismo vasco. Así quedou consinado no «Mitteleuropa» e nas 99 colaboracións escritas no xornal nacionalista vasco «Euzkadi», dende o 4 de Abril de 1930 ó 13 de Marzal de 1936.

Ramón Otero Pedrayo participou no mitin central do II Aberri Eguna, baixo o slogan «Euzkadi-Europa», celebrado en Donostia o 16 de Abril de 1933; na festa de Iñaki Deuna, en Bilbao, o 31 de Xullo de 1933 e na viaxe triangular durante o traxecto bilbaino dese mesmo ano, deixando impresas as súas apreciacións encol do Nacionalismo vasco nun esbordante e abarrocado artigo do xornal, «Euzkadi».

Xerardo Alvarez Gallego asistiu, en representación do P.G., a un homenaxe ós Diputados vascos. Iste realizouse co gallo da solidariedade dos devanditos deputados vascos hacia Catalunya, en Xuño de 1934, no asunto da Lei de contratos de Cultivo. Pronunciou un mitin en Tolosa, unha conferencia en Donostia co título: «La hora de Galicia», e, con posterioridade, aparecerían catro colaboracións súas no xornal «El Día». O curmán de Bóveda acudiu ó País Vasco na compañía de Enrique Peinador Lines, o empresario de Mondariz, a quen o ementado xornal nacionalista donostiarra o entrevistaría longamente.

Núñez Búa, a volta dunha viaxe por Europa, pronunciou un parrafeo o 16 de Agosto de 1934 sobre a cultura galega, no local, «Euzko Indarra», propiedade de «Acción Nacionalista Vasca», en Donostia. Solidarizouse, tamén, ca protesta, que estaban levando a cabo os Axuntamentos Vascos, no tocante o tema dos Concertos Económicos, o chamado Estatuto do Viño, e outras reivindicacións vencelladas ós Concellos e Diputacións.

Valentín Paz Andrade foi o primeiro galeguista, que se desprazou a Donostia para pronunciar un longuísimos parrafeo nos locais de «Euzko Indarra», sobre a «Demanda autonomista de Galicia», convidado por A.N.V. A conferencia aparece íntegra nas páxinas de «El Día».

Ramón Suárez Picallo estaba convidado para intervir nun mitin vasco-galego-catalán nos locais de «Euzko Indarra», de Donostia, o 6 de Decembro de 1931. Non pudo estar presente, xa que polas mesmas datas celebrábase en Pontevedra a VIII Asamblea das Irmandades da Fala, da que xurdiría o Partido Galeguista. En 1933, emporiso, o xornal nacionalista bilbaino da serán, «La Tarde», consiñaba unha demorada e saborosa entrevista. O pseudónimo, Fermín Altobizkar, que escribía en 1935 colaboracións no xornal, «El Día», as máis de tema galego, non o era en realidade, senón un escritor vasco, Eustaquio Echave Sustaeta, amigo do poeta estradense José Cabada Vázquez, con quen coincidiría nunhas oposicións a Catedrático de Instituto no vran de 1933, participando os dous tanxencialmente na viaxe triangular do Galeuzca en Barcelona entre o 3 e o 13 de agosto do mencionado ano.

— 3a. A biblioteca de Castelao deica o 18 de Xullo de 1936, que as tolemias do fado e os acontecementos da guerra «incivil e pluscuancivil» trasladada-

ron as sáas do Museo de Pontevedra, compoñíase (xunto cos engadidos de «Labor Galega») de 978 tíduos, dos que 35 eran cataláns ou de tema catalán, e, mesmamente ningún vasco ou de tema vasco, a non ser que poida considerarse atal un de Mata Carriazo encol dos herexes de Durango. Por outra banda, unha lectura lixeira do «Sempre en Galiza» manifesta que Castelao posuía un coñecemento relativamente fondo da historia, da política e da cultura vascas. Segundo as nosas pescudas pódese afirmar con xusteza que o «rianxeiro» leeu dous libros vascos, aínda que xa no exilio bonaerense: «Inglaterra y los Vascos», de Manuel de Irujo, e «De Guernica a Nueva York pasando por Berlin», de José Antonio Aguirre. Con tan cativo bagaxe, dulo lle veu a Castelao a sabencia filo euskadiana?. Coido que as conversas cos Diputados nacionalistas vascos (-continuas según declaración personal do ex-lehendakari Leizaola en entrevista sostida o 18 de Xullo de 1982) durante as Cortes do bienio constitucional, reformista ou social-azañista (1931-33), os acaroamentos galeuzcáns especialmente no ano 1933 e, sobre todo, a discusión do Estatuto Vasco na correspondente Comisión Parlamentaria, presidida pola esquerrista catalán Tomás i Piera, da que Castelao, xunto a José Antonio Aguirre, era membro desde o 17 de Abril de 1936, son os factores que esprican ise coñecemento da temática vasca. No «Sempre en Galiza» calquer lector pode decatarse que Castelao defende decote os dereitos nacionais das tres nacións fronte ó centralismo estapario e cita en 179 ocasións a verba Euskadi.

— 4a.- Castelao conquerira xa certa sona en Euskadi polos seus dibuxos, a traxectoria nacionalista anterior, o cárego de Diputado e a defensa do Estatuto Catalán en 1932 nas Cortes. Mais, penso que Vicente Risco, cas súas adoitadas colaboracións no xornal nacionalista bilbaino «Euzkadi», foi quen lle proporcionou a meirande popularidade ó «galego químicamente puro», pois non convén esquecer que nesta época a prensa, cáseque o único meio de comunicación, información e opinión, posuía un gran poder de divulgación. Risco, dende Abril de 1930 deica Marzal de 1936, remesou 99 colaboracións ó devandito xornal. En 14 delas comentou con amplitude a laboura artística, literaria e política de Castelao, adicándolle unha especial co tíduo: «Galicia y Castelao», o 30 de Xuño de 1932. Somentes outras catro persoalidades galegas mereceron un artigo específico de Risco: Amor Ruibal, Salvador Cabeza de León, Valle Inclán e Antón Villar Ponte.

— 5a.-O Galeusca é un anagrama que encerra restrinxidos os nomes de Galicia=Gal; Euskadi=Eus e Catalunya=Ca. Foi un movemento de unión e solidariedade entre partidos nazionalistas das tres nacións co obxectivo de obter maiores cotas de autogoberno, reformular o Estado nun senso federal ou confederal e, inclusive, nalgún intre acadar a independencia.

O nome de Galeusca aparece pronunciado por primeira vez nunha conferencia dictada o 31 de agosto de 1924 no Centre Català da Habana polo arredista catalán Josep Conangla i Fontanilles co título: «Catalunya. Passat, present i futur». O nome reapareceu con éxito o 13 de Maio de 1933 no xornal nazionalista EUZKADI, co gallo dunha viaxe de representantes nazionalistas guipuzco-

anos a Barcelona para entrevistarse con Batista i Roca. Foi reinventado polo GBB, presidido daquela polo persoeiro xelkide, Telesforo de Monzón, e cuxo segredario, Teodoro de Hernandezena, férvedo empurrador do bersolarismo vasco, finou en Hondarribia en 1994.

Chanta as suas raíces nunhos antecedentes e terá repercusións, que hoxendía acadan un touticelo de prena vixencia, tra-la Declaración de Barcelona de 1998, as posteriores conversas en setembro en Gasteiz i en outubro en Santiago. Recentes acordos, a comenzos do 2000, en Bilbo, resoan ainda como ronssel que devala sulcos esperanzadores no mar da liberdade.

— 6a.-Os contactos trinacionais, como xa analisei na miña tese de doutoramento, «De la Triple Alianza al Pacto de San Sebastián (1923-1930). Antecedentes del Galeuzca», entre forzas nazionalistas galegas, vascas e catalanas encetan en Xuño de 1923, en resposta a un chamamento para artellar un bloco trinacional, da recén nada i exitosa «Acció Catalana», liderada por Antoni Rovira i Virgili, Lluís Nicolau D'Olwer e Jaume Bofill i Mates.

Nesa coxuntura o Estado Español achábase asoballado por unha fonda crise económica, social e política, polo que era preciso aproveita-la ocasión.

Respondeu de xeito inmediato ó chamado, coa máis férveda adhesión, o PNV, daquela a ponla máis radical do nacionalismo vasco encabezada por Elías de Gallastegui, «Gudari».

Durante o vran fóronse sumando á convocatoria a Comunión Nacionalista Vasca (CNV), as Irmandades da Fala, Estat Catalá, Unió Catalanista e Irmandade Nazionalista Galega.

A xeira remataría ca sinatura do Pacto da Triple Alianza en Barcelona o 12 de Setembro de 1923. Poñerán o carimbo as seguintes forzas asinantes:

— Pola banda galeguista: Irmandades da Fala, representadas por Federico Zamora e Alfredo Somoza, e a ING, que se aderiu ó traveso dun telegrama remesado por Vicente Risco.

— Polo nazionalismo vasco: O PNV, mediante a presenza de Gallastegui, Uribe-Echebarria, José Domingo de Arana, Robles Aranguiz e Manu Egileor. A CNV, representada por Jesús María Leizaola, Julián Arrién e Torre, postergou a aprobación á unha consulta ás bases do partido, que lóxicamente non puido realizarse por mor do golpe de Estado do día seguinte.

— Polo Catalanismo selaron o acordo: Acció Catalana, con algunhas reticencias, a entidade cultural Unió Catalanista, representada por J. Riera i Punyé e Pere Manén i Artés, i Estat Catalá, encabezado por Macià.

O orixinal do pacto marchou con Macià ó exilio galo. Cicais a policia francesa co gallo do apresamento do líder catalán tra-lo fracaso do complot de Prats de Molló levou os seus papeis, que poden durmir o sono dos esquecidos no Arquivo de Francia.

Do acordo asinado somentes se conserva unha copia, con correccións manuais, no Arxiu Jaume Bofill. De caraiter arredista e nidiamente doctrinario, consta de oito artigos i en dúas ocasións apélase ó procedemento heroico e ó derramamento de sangue, é dizer, á loita armada.

No fracaso desta avinza infruiron un variado conxunto de factores interdependentes:

— 1- disensións internas entre as forzas asinantes (Acció Catalana e ING, sobre todo),

— 2- reticencias a asinar un pacto fortemente arredista(algún sector de Acció Catalana e a CNV),

— 3- ausencia de outras forzas como a podente LLIGA e a recién fundada Unió Socialista de Catalunya,

— 4-a propia feitaura teórica da avinza, segundo algúns como Jaume Bofill «fantástica» e segundo outros como o historiador Enric Ucelay da Cal «utópica», «puramente simbólica», «molt retórica i poc traballada».

— 5- Sobor de todo o golpe de estado primorriverista do 13 de Setembro, que se adiantou mesmamente dous días por mor do descontento do exército diante «os excesos separatistas» do día 11 no homenaxe a Rafael de Casanova e as decraracións de Rovira i Virgili nos postres dunha cea, quen se atreveu a decir:» Nós non somos españois, deixamos ise apelativo para quen o queira coller».

Castelao non participou nin nos antecedentes nin no cumio desta entente, aínda que o rianxeiro e mais Vicente Risco viaxarían a Barcelona no inverno de 1923 e terían conversas con persoeiros catalanistas. Emporiso os tais contactos coido que se atopaban moi alonxados da Triple Alianza, que encetaría a súa xestación en xullo dese ano por inciativa de Acció Catalana, eufórica polo recente triunfo nas eleccións á conta da Lliga. Nesta Alianza o protagonismo correspondeu a Federico Zamora e Alfredo Somoza polas Irmandades da Fala e Vicente Risco, que non asistiu, pero remitiu un telegrama de adhesión, contestado por algún membro das fileiras da ING como Fermín Penzol.

Sobre os sobexamente lixeiros e moi ocasionais achegamentos entre los galeguistas e nacionalistas vascos e cataláns perante o exilio entre 1923 e 1930 non atopei ren sobre dunha posíbel xeira de Castelao, aínda que algun galeguista estaba sabidor deles a xulgar pola correspondencia entre Elías de Galtzategui e Françesc Macià. Poida ser que o galeguista Ramiro Illa Couto, que naquelas datas era enlace do galeguismo pola seu emprego de viaxante, fose a ponte de contacto.

No exilio galo durante a Dictadura primorriveirista o aberriano Telesforo Uribe-Echebarría propónlle a Macià un anteproxecto de «Liga de Nacións

Oprimidas», que o catalán reelabora e lánzao á opinión pública dende París o 9 de Setembro de 1924, sen obter resposta. A Liga viña a ser un comemento da Triple Alianza, abranguíña as tres nacións peninsulares integrantes, ás que se adxuntaban Filipinas, Exipto e a República do Rif.

O 8 de Xaneiro de 1925 constituíase en París o «Comité de Acción da Libre Alianza», integrado por representantes de Estat Catalá, PNV, dos cataláns en América e a CNT. Asinan o «Pacto da Libre Alianza», que deixaba reservado un lugar para unha delegación galeguista. O obxectivo final, expricitado no mesmo acordo, era derrubar o réxime español, decrarar as tres nacións independentes e introducir na lexislación e na práctica social milloras substanciais para a crase obreira.

O 16 de Novembro de 1925 asínase en Moscú un novo pacto, no que ás forzas compoñentes da Libre Alianza, agás os galeguistas, incorporábase o Partido Comunista. Macià percurara por tódolos meios a incrusión do PC, porque era o único que podía suministrar axuda económica i estratexia revolucionaria para derrubar o réxime español. O PC, con posterioridade, desentenderíase do acordo.

A creba do golpe «A Sanjuanada» (24-Xuño-1924), con participación de militares opositores á Dictadura como Fermín Galán, e da invasión de Prats de Molló (4 de Novembro de 1926) provocaría un troco de estratexia pola banda de Macià, abandoando a via armada e insurrecional. A partires de 1928 tentaríase o sendeiro de acordos entre as forzas políticas españolas e periféricas da oposición, que acimarían no pacto de San Sebastián do 30 de agosto de 1930 durante a Dictabrande.

Esta coxuntura de tránsito á II República foi, cicais, unha oportunidade desaproveitada, que coutaría inclusive o artellamento dunha República federal.

No pacto de San Sebastián a intensidade reivindicativa das distintas forzas catalanistas non pode poñerse en dúbida. Acció Catalana, representada por Manuel Carrasco i Formiguera; Acció Republicana, encabezada por Macià Mallol, i Estat Catalá, cuxo voceiro era Jaume Aiguader, loitaron polo recoñecemento dos dereitos de Catalunya no futuro réxime republicán fronte as forzas españolas presentes nas conversas deste pacto non escrito: Alianza Republicana, Partido Radical Socialista, Partido Socialista e Dereita Liberal Republicana. O galeguismo achábase indirectamente representado por Santiago Casares Quiroga, en realidade delegado da Federación Republicana Galega, quen solicitou de xeito apoucado a autonomía para Galiza, segundo coinciden as diferentes e contrapostas versións das conversas. Pero o nazionalismo vasco, por mor de diversas causas, cuxo análise expricativo sería sobexamente demorado, non estivo presente no pacto. Atal ausencia zocharía a posibilidade da configuración dun bloco trinacional nesta carol tesitura prerrepública.

Os acaroamentos trinacionais no primeiro bienio da II República, 1931 e 1932, reducíronse a curtos retentos, que non callarfan, no intre da discusión do

texto constitucional co obxecto de artellar unha fronte autonomista, con ocasión dos debates sobre o Estatuto Catalán ou co gallo dun acto emotivo e simbólico como a homenaxe a Castelao e Otero Pedrayo en Barcelona en xullo de 1932.

En ningún distes intres atopamos a Castelao como protagonista directo na xeira galeuzcana, aínda que na homenaxe tributado en Barcelona Carrasco i Formiguera e Batista i Roca guindaron chamamentos nos seus discursos par resucitar a Triple Alianza.

II. 1933: O GALEUZCA

O 2 de abril de 1933 Castelao participa no frontón Euskalduna de Bilbao nun mitin orgaizado por ANV xunto a dirixentes anevistas como Urrengoechea, Basterra e Arrien e o persoeiro da ERC, Riera i Puntí, quen xa intervira (–e tamén o agora anevista Arrien–) nas conversas da Triple Alianza de 1923, en representación de Unió Catalanista.

O discurso compreto, moi longo por certo, de Castelao, foi recollido íntegramente o día 4 de abril polo xornal «Tierra Vasca», voceiro de ANV. Nel debulla teimudamente sobor da necesidade do federalismo, sobre a cultura galega e sobre o idioma.

Podemos gorentar algunhas frases, as máis representativas, do parrafeo de Castelao:

«Porque, aún el pueblo gallego existe por obra y gracia del idioma, porque el cultivo estético y científico de nuestra lengua vienen a ser la reconquista de todo cuanto perdimos, y porque muriéndose nuestra lengua ya no quedaría ninguna esperanza de vivir. Aquí estamos unidos vascos, catalanes y gallegos. ¿Por qué?, porque existe una lengua vasca, una lengua gallega y una lengua catalana.

Una lengua, amigos de Euskadi, una lengua es una gran obra de arte, hecha con dolor, con sufrimientos, con alegrías de nuestros abuelos, que la recibimos en herencia y que debemos entregar a nuestros hijos enraizada con el espíritu de nosotros. Una lengua es la vida y la esencia de la democracia, y es la ejecutoria de todas las virtudes de un pueblo, y nosotros precisamente por esto, porque amamos la democracia, porque amamos la libertad, porque queremos que nuestra patria sea libre, no para separarse en fronteras sino para darse a la humanidad, por eso nosotros y nada más que por eso, entendemos que nuestra lengua lo es todo y en todos los actos de nuestra tierra no hablamos en otra [.....].

Tened la seguridad de que cuando yo vuelva a mi verde tierra de Galicia, he de decirles a todos aquellos muchachos que nos siguen, cuál es vuestro fervor nacionalista, para que les sirva de ejemplo y de estímulo, y tened la seguridad de que en todo tiempo, sea como sea, cuanto más adversas sean las circunstancias, mejor tendréis toda nuestra simpatía y todo nuestro apoyo, si es que podemos ser viros de algo a todos nuestros amigos vascos».

Nesta viaxe Castelao asinará unhas sinxelas verbas de férveda unidade ibérica, que non uniformidade, no Libro de Ouro da Casa de Galicia de Bilbao:

«Sempre, namentras viva, relembrarei ó día dous de abril do ano 1933, pasado entre Bascos, cataláns e galegos para demostrar que os nosos anceios de liberdade non serán compatibles co-a uniformidade; pero sí co-a unidade ibérica, que é o soño dos homes que miran ó futuro. Sempre me lembrarei dá Casa de Galicia, onde atopei peitos irmáns dos meus».

Na compañía do mentado Riera i Puntí e o aneuvista Sabin Seijo selarán un convenio de solidariedade, que o profesor Granja nomea Pacto de Gernika, no libro da Casa de Xuntas a carón da emblemática Arbore. Un rebolo, descendente do sacro albre, xa traguera Castelao a Galiza en 1932, segundo el mesmo asegurou no discurso pronunciado na despedida ó seu amigo Aldasoro en Bos Aires o 9 de febreiro de 1945 e repetiu n homenaxe a Gernika celebrado en Montevideo o 29 de abril do mesmo ano.

O pacto gerniqués era unha simple declaración de intencións de solidariedade para «conquerir a liberación dos respectivos Pobos».

Velaquí o texto:

«Identificados Vascos, Catalanes y Gallegos, ante el problema de liberación de nuestros respectivos pueblos, sellamos hoy bajo el árbol de Gernika el pacto de mutua solidaridad que ha de traernos la satisfacción de aquel anhelo.

Gernika 2 de Abril de 1933

Gora Euskadi Askatuta

Seijo tar Sabin

Viva Galiza ceibe

Alfonso R. Castelao

Visca Catalunya Lliure

Dr. J. Riera i Puntí

Os dirixentes aneuvistas decatábanse da coxeira do pacto por mor da febleza da súa formación na sociedade vasca e convidan ós peneuvistas para abandeirar unha avinza trinacional. Estes asumen o proxecto e en conversas de Telesforo de Monzón e Teodoro Hernandorena, Presidente e Segretario do GBB respectivamente, con Josep Ma. Batista i Roca, Secretario da orgaización catalanista «Palestra», celebradas no mes de maio en Barcelona, xéstase a viaxe triangular e o Pacto de Compostela, máis coñecido como Galeuzca. Antes deran o visto bó e pracet ó proxecto unha comisión de observadores cataláns, perteñecentes ás diferentes forzas catalanistas (Rosell i Vilar, Tomás Roig, Carrasco Formiguera), que visitaron o País Vasco en maio de 1933, pois en Cataluña asmábase que o nacionalismo vasco hexemónico, o PNV, posuía elementos sobexamente clericais, reccionarios e non craramente republicanos.

Os contactos co galeguismo xa se produciran o 16 de abril, coa participación no II Aberri Eguna, celebrado en Donostia, a cárrego de Otero Pedrayo. Tamén acodirían os cataláns Manuel Carrasco Formiguera, fusilado polos sublevados en Burgos durante a Guerra Civil, e Francesc Maspons Anglasesell, na compañía do

secretario do Congreso de Minorías Nacionais da Sociedade de Nacións, Ewald Ammende.

A viaxe triangular realizouse entre o 24 de xullo e o 13 de agosto, seguindo iste periplo: Galicia-Euskal Herría-Cataluña. Del existe unha ampla e esmiuzada narración na revista *Alento*, publicada polo viaxeiro Alvaro das Casas en 1934-45.

Celebrouse o 25 de xullo de 1933 pola mañán un multitudinario mitin diante da estatua dedicada a Rosalía na Ferradura compostelá, con intervencións de vascos, cataláns e galegos. Pola banda galega faláron Eduardo Blanco Amor e Castelao.

Veleiqué o discurso do rianxeiro:

«A Patria é a Terra farturenta que nos da o pan e o viño, que sostén os nosos fogares, que cría frores no campos para regalía dos ollos, e albres para que canten os paxaros.

A Patria é a Terra fecunda, donde xerminan os legados da tradición que nos dará continuidade na historia, o corpo incorruptible, donde encarnou a i-alma atormentada da raza.

A Patria é a Terra creadora, fonte da gran forza da vida.

A Patria é o rechouchío dos paxaros, o canturreo dos grilo, o marmurio das augas e o zoar do vento.

A Patria é a sombra fresca dos castiñeiros no vran e a quentura garimosa do fogar no inverno.

A Patria é a inquedanza das sementeiras e a ledicia das colleitas.

A Patria é o fungar do vento nas ponlas secas dos carballos e o esborrifar das ondas do mar nos cons da ribeira; a cántiga misteriosa dos piñeiros e o runxido do mar nos areales.

A Patria é o arco da vella, o luar e a noite estrelecida.

A Patria é o sentimento que nos fai fillos da Terra para recibir o seu zume criador de lirismos. Por iso entristecemos no outono, choramos no inverno, sorrimos na primavera e rimos no vran. Porque estamos feitos a semellanza da Terra; a nosa carne é terra, os nosos hosos pedra, e o sangue son os rios e os regatos.

A Patria é a Terra-nai, a Deusa perdurable e xenerosa, porque como di Pascal, primeiro nos cansaremos nós de pedirlle que ela de darnos.

Esta é a Patria verdadeira, a Patria única que hoxe festexamos. Eu non sei de máis Patria, e o galego que no a sinta é un home moralmente imperfecto.

No tempo de Rosalía a Patria era un sentimento, en continua saudade, una tristura crepuscular, o planto por unha ilusión morta, a esperanza entristecida de tan to esperar. Galiza era unha i-alma en pena que vagaba pol-o inferno frío dos camiños, enchendo de saloucos as noites xiadas do inverno; era a negra sombra desterrada. A nosa i-alma, coma a dos xudeos, agardaba o miragre da resurrección para reencarnar nun corpo sán e robusto, para renacer e vivir baixo a lus do sol.

Pero a saudade dos tempos de Rosalía queimouse na fogueira dos nosos entusiasmos, e xa non choramos o pasado; cantamos o porvir porque a i-alma da Raza reencarnou na Terra e a nosa Patria recobrou a súa persoalidade, e quer esteriorizala en forma de Estado. Pero non para fecharse en fronteiras, sinon para desatrancar-o camiño de Europa, aquel camiño branco de estrelas que unía Galiza ó resto do mundo civilizado, no tempo lonxano dos Cancioneiros e do Pórtico da Gloria, cando nós non eramos máis que galegos.

¡Cando non eramos máis que galegos!.»

O mesmo 25 de xullo pola serán asinouose nos locais do Seminario de Estudos Galegos o Pacto de Compostela ou Galeuzca, redactado en galego por Alexandre Bóveda, tendo en conta unhas notas bosquexadas por Batista e Roca. O pacto constaba de oito artigos e un pequeno engadido ó artigo 2º, letra D, artellado o día 30 de xullo en Bilbao. Caracterizábase pola faciana organizativa-administrativa, moi lonxe do cariz doutrinal e arredista da Triple Alianza de 1923.

O tenor do pacto e os asinantes eran:

«Os que enbaixo asinan, axuntados na cibdade de Compostela, no serán do Día de galiza do mil novecentos trinta e tres, en representazón de orgaizazons nazionalistas de Catalunya, Euzkadi e Galiza, acordan:

1º.- Crear GALEUZCA como orgaismo ancarregado das relacións antre istas tres nazionalidades.

2º.-istas relacións concíbense coa amplitude de relacións internazonales en toldo'os seus aspectos. N'oustante, han de figurar como tarefas principais de GALEUZCA:

- A) Precurar o conocimiento mutuo de tolda'as caaracterísticas nazionales de cada pobo e da súa historia;
- B) A informazón sobre dos seus aituales movementos nazionalistas; e a publicidade de told'os feitos importantes que en cada nazón adveñan;
- C) O estudo das custións que afecten ás relacións antre tres nazionalidades.
- D) A propaganda internazonal nos asuntos que atingan ás tres nazionalidades.

3º.- En cada nazón formarásese un Consello integrado por un representante de cada unha das organizazóns de caariter nazionalista adhidias (sic) a GALEUZCA e das que adhiran no porvir.

Iste Consello nomeará, de común acordo cos das outras nazionalidades os membros que comporán o Segredariado que GALEUZCA terá en cada un dos tres países, nos que eisistirán datos e informazóns sobre de toldo'os aspectos da vida de cada unha das tres nazionalidades.

Pra desenrolar as bases contidas n'ista aita, celebrarásese en Euzkadi no mes de Outubro vindeiro, unha conferencia dos tres Consellos que terá caariter constituinte, sin perxuizo de que os Consellos e Segredariados nazionales escomenzen axiña a súa laboura.

O Segredariado de GALEUZCA en Euzkadi, que aituará provisioalmente coma Segredaria Xeral, queda facultado pra determiñar a data d'ista Conferencia.

4º.- O Segredariado residente en cada nazionalidade estará formado por elementos das tres nazionalidades, correndo os gastos que se orixinen a cárrago dos respetivos Consellos. Poráse un especial coidado en que istes elementos inda que patriotas recoñecidos e merecentes da confianza dos orgaismos de cada nazionalidade, non teñan unha aituazón de política partidista.

5º.- Os segredariados terán un local propio, ou ao menos estarán domiciliados en locais d'entidades de caaiteer patriótico e cultural.

6º.- Cada Segredariado poderá nomear persoas especializadas pra formar Comités encargados do estudo de aspectos particulares da vida de relazón entre as tres nazóns.

7º.- Ao menos unha vegada ao ano terá lugar unha Conferencia entre os Segredariados das tres nazóns ou os seus representantes, coa finalidade de facilitar a coordinación das suas tarefas.

8º.- A conformidade que prestan a istas bases os que en baixo asinan queda condizioada a ratificazón que ás mesmas agardan que han de prestar as organiza-zóns que representan.

FIRMAS.- Batista i Roca (de Palestra) - Joseph Girona (de Palestra) - Pau Vila (d'Acció Catalana Republicana) - Joseph Pich Salaric (De Unió Democrática de Catalunya) - Pau Muñoz Castanyer (D'Unió Democrática de Catalunya) - Don-xandabaratx'tar Josu (de Euzkadi-Buru-Batzar) - Errezola'tar Joseba (de E.B.B.) - Isusi'tar Estepan (De Euzkadi-Buru-Batzar) - Irujo'tar Imanol (de N.B.B.) - Alvaro das Casas (De Ultreya) - Alexandre Bóveda (Do Partido Galeguista).

Na vila de Bilbao, do pais Euzkadi a trinta de Xullo de mil novecentos trinta e tres, xuntanse os siñantes da aita de Compostela co-a finalidade de dar conta das suas xestions ás representazóns de Euzkadi e Catalunya que non poideron concurrir á devandita conversa e lerlles o orixinal da aita asiñada. Asisten todol'os seus asiñantes co-a esceizón dos seores Don Alexandre Bóveda e Don Estaban de Isusi. Por unanimidade acordase modificar o apartado D) do artigo 2º neste senso:

D). A propaganda e aizon internacional nos asuntos que atingan as tres nazionalidades.

Tamen por unanimidade acórdase fixar nun mes, a decorrer dende esta data, o prazo no que os partidos e organizazons dos tres paises teñan de ratificar a asiñatura dos seus representantes.

Os seores Joan Esterilch de Lliga Catalana, Dr. Joseph Riera i Punti de Esquerra Republicana de Catalunya, Don Andrés Perea de Acción Nacionalista Vasca e Don Manuel Carrasco Formiguera de Unió Democrática de Catalunya manifestan a sus adhesión ás bases do citado acordo e todol'os asiñantes a sua conformidade as modificazóns consiñadas nesta aita.

FIRMAS.-J. Estelrich (De Lliga Catalana) - Manuel Carrasco Formiguera (De Unió Democrática de C.) - Andrés Perea (Acción Nacionalista Vasca) - Don Jospeh Riera Punti (Esquerra R. de C.) - Batista i Roca - Pau Vila - Doxandabaratx'tar Josu - Girona - Alvaro das Casas - Rosend Pich - Pau Muñoz Castanyer - Errezola'tar Joseba -.»

O orixinal do texto atopouno o historiador vasco, José Luis de la Granja, na Universidade de Reno en EEUU, donde foi a parar despois de comprar Jon Bilbao, un bibliófilo e profesor vasco exiliado en EEUU., a biblioteca de Ramón Goñi, segredario do NBB e viaxeiro triangular, que tamén fixera un interesante informe para o EBB sobor do periplo trinacional.

Castelao, polo tanto, somentes intervirá na fase xacobeá da viaxe triangular e do Galeuzca no acto simbólico do mitin mañanceiro, xunto a Eduardo Blanco Amor, diante da estatua de Rosalía de Castro na Ferradura. O peso das conversas neste intre levaounas Alexandre Bóveda, segredario do PG, que foi o redactor do texto en galego do pacto de Compostela ou Galeuzca, baseado nas aportacións de Batista i Roca, segundo afirma Alvaro das Casas, testemuña presencial.

Os viaxeiros seguiron a viaxe por diferentes cidades do Norde galego e peninsular: Ferrol, Viveiro, Asturias, Cantabria, Euskadi (–entre o 29 de xullo e o 4 de agosto–), e Navarra para rematar en Barcelona. En Ferrol mesmamente celebrouse unha xornada coa participación de galeguistas ferroláns, entre eles Carballo Calero e Torrente Ballester, que daquela pertencía ó PG.

Castelao non realizou a viaxe a Euskadi, do que se queixaría Alvaro das Casas, aínda que sí asistiría os actos de Iñaki Deuna en Bilbao, Otero Pedrayo. Pero presentouse o 10 de agosto en Barcelona, participando activamente nos actos finais e de xeito especial nunha xuntanza de tódolos representantes co Presidente Macià, donde tencionaría impoñer varias das súas propostas. Castelao, inclusive redactaría un importante anaco da nota sobre a viaxe e do Galeuzca, entregada á prensa o día 12 de agosto, donde no párrafo final facíase referencia ó espírito orixinario da República (xornal de barcelona LA PUBLICITAT):

«La unió actual de bascos, gallecs i catalans representa, doncs, n intent de fer revivre l'auténtic espirít originari de la República i d'enfortir-la amb el respect als drets i a les personalitats nacionals de Galícia, Euscadi i Catalunya que han d'ésser les sólides bases en què aquella fonamentà la seva permanencia, l'obstacle més ferm a tota temptativa de subversió i l'origen d'un nou ordre de relacions entre els pobles peninsulars».

As intencións fundamentais de Castelao, como el mesmo lle manifesta a Bóveda por carta (datada o 11 de agosto de 1933), eran:

1. Urxir a necesidade de presentar os Estatutos vasco e galego como primeiro paso para ir de contado a unha estrutura federal do Estado e retomar esa primixenia idea do mencer republicano. Nesta liña, ó mesmo tempo que Galeuzca, teimaba por artellar un convenio cos federais.

2. Conquerir que a participación conxunta de representantes de Galeuzca acadase un ingreso en prenitudo de Galiza na Sociedade de Nacións, o que suponería o comezo do recoñecemento intemacional da existencia da minoría nacional galega.

Outros dous obxectivos menos prioritarios de Castelao eran:

- a) amainar certas fogaxes verbais (feitas por Irujo, Alvaro das Casas e outros) que atrancaban a constitución dun Galeuzca pragmático.
- b) Procurar un decreto de bilingüismo para Galiza e Euskadi, semellante ó promulgado para Cataluña.

En resumo, Castelao procuraba o artellamento de dous bloques complementarios: un, nacionalista-periférico, o Galeuzca, e outro, parlamentar-federal, ámbolos dous estratéxicamente cinguidos de cara a un mesmo obxectivo: derrubar a estrutura centralista do Estado «integral» republicano para retornar á unha estrutura orixinaria de xorne federal ou confederal.

Hai que ter en conta que na alborada da República, que ten a súa orixe no pacto de San Sebastián sinado en agosto de 1930 por tódalas forzas da oposición a monarquía (-con representación galeguista a través da ORGA e o seu delegado Casares Quiroga-) coa finalidade de traer a República, asmábase unha República Federal, que tra-los debates das Cortes Constituintes entre xuño e decembro de 1931, veu a ser unha República integral, unha estrutura híbrida, a meio camiño entre o unitarismo clásico e o federalismo e semellante ó Estado das Autonomías, xestado na Constitución de 1978.

Castelao ollaria frustradas as súas intencións, pois ningún dos dous bloques foi operativo. Ao fronte parlamentar-federal opúxose Alexandre Bóveda e do Galeuzca só se cumpriu na práctica o ingreso de Galiza no IX Congreso de Minorías Nacionais, celebrado en setembro de 1933 en Berna con discurso e informe presentado por Plácido Castro, coa ausencia dos representantes vascos. O mesmo Manuel de Irujo remesa unha rexa carta de protesta, que obra no seu arquivo, ás autoridades do EBB por iste craro incumprimento dun compromiso adquirido:

«Hemos perdido toda fuerza moral para recordar a nadie la necesidad de ratificar el tratado de Compostela, cuando nosotros hemos dejado incumplido el acuerdo de ir a Ginebra a legalizarlo».

O Galeuzca iria esmorecendo no outono de 1933 por diferentes causas de orde interna e externa.

Xa en Barcelona proveceron os primeiros atrancos. Unhas verbas do vasco Irujo, enzorzadas dunha forte carga acusatoria contra a República, enveredaron unha rexa resposta do seitor republicano da Esquerra a traveso do seu voceiro, o xornal «L'Opiniò». Castelao, na ementada carta a Bóveda, aludiría á ista custión. Na Lliga producíase unha partilla entre Estelrich, sinante do pacto en Bilbao, «partidario de que Galeuzca es de necesidad apremiante» e Cambó, soio favorable a «una inteligencia circunstancial y no a pactos permanentes». O mesmo Batista i Roca, programador da viaxe triangular e fervente galeuzcano nos intres iniciais, xulgaba que «Quizá se haya ido más allá de lo que en un

principio se suponía, razón por la que algunos partidos no ratificaban el pacto, estando, sin embargo, todos conformes».

A estes factores internos amecéronse outros de xome externo. En Setembro producíase o tomo do Goberno Azaña. O «impasse» político sobseguinte, a necesidade de remodelar as tácticas e a preparación das eleccións convertíanse en obxetivos prioritarios. O nacionalismo vasco, ademáis, tiña que centrar todo o seu esforzo na campaña pro plebiscito estatutario, que se ía a celebrar o 5 de Novembro. A esta campaña colaborou o PG, remesando un chamamento, inserido o 4 de novembro no xornal donostiarra «El Día», para que os galegos residentes no País Vasco votasen a prol do Estatuto. Finalmente, o trunfo dereitista nas eleccións do 19 de Novembro e o abaxoante fracaso do P.G. trocou radicalmente a paisaxe política xeral. Inclusive, algunha forza política como o P.N.V. percurará unha alianza bilateral ca Lliga, como pon en evidencia unha carta de Aguirre a Cambó.

«Tierra Vasca», voceiro de A.N.V., en data posterior ás eleccións xerais de Novembro, tamén se preguntaba sobre o encoramento do Galeuzca a petarrea-ba na apremente necesidade de revitalizalo.

O certo é que a conferencia, programada para a primeira metade de Outubro en Bilbao, non se celebrou. O pacto somentes foi ratificado polas seguintes forzas: Unió Democrática de Catalunya, Partido Nacionalista Vasco, Ultreya e Partido Galeguista. Non hai documentación exprícita de que o confirmasen ANV, ERC e a LLIGA.

Neste Galeuzca republicano Castelao só tería un protagonismo secundario e dende logo non comparábel ó férvido galeuzcanismo que amosaría no exilio.

III. A ETAPA: 1934-1939.

Nesta etapa, que abrangue o bienio dereitista, a Frente Popular e a Guerra «Incivil e pluscuancivil» (-como diría o xornalista Borobó-), a actividade galeuzcana de Castelao estréitase nos lindeiros dalgún tentame pactista e outros episodios tanxencialmente galeuzcanos. Poderíamos mencionar algúns dos máis principais, aínda que recoñezo que moitos fican mergullados no reino de Leteo.

1.-Co gallo do arredamento das Cortes dos deputados nacionalistas vascos en solidariedade cos cataláns o 12 de xuño de 1934, organizábase para o 15 de xuño en Tolosa unha homenaxe ós devanditos deputados jalkides. Nel estaba anunciada a presenza de Castelao na compañía de vascos e cataláns, pero a última hora sería substituído por Xerardo Alvarez Gallego, que viaxou ó País Vasco na compañía de D. Enrique Peinador Linés, a quen entrevistou o xornal «El Día».

2.- No outono de 1935, en cartas dirixidas a Lluís Companyns, preso na cadea de El Puerto de Santa María, e ós nacionalistas vascos, Castelao tentaba un novo Galeuzca, ampriado coa inclusión de federais e autonomistas aragoneses e valencianos, todos estes como aliados colaterais, pero deixando a salvo a independencia organizativa e política dos partidos nacionalistas galeuzcanos.

3. En marzo de 1936 Castelao estaría a piques de integrarse na minoría vasca, a que lle facía falla un deputado para constituírse como tal. A integración non puido efectuarse en virtude dos acordos do PG con Izquierda Republicana e Castelao sería substituído por Eduard Palet, de ERC. Pero o rianxeiro si que formaría parte como vocal xunto a José Antonio Aguirre da Comisión Parlamentaria, encargada do estudio do Estatuto Vasco, baixo a presidencia de Tomás i Piera, de ERC.

Niste momento, a primavera de 1936, a influencia de Prieto nos nacionalistas vascos incidirá nun certo alonxamento entre estes e Castelao, coxuntura que se repetirá despois no exilio en torno a 1946-48.

A pesar diso, Castelao pregaría que no intre da presentación do Estatuto Galego ó Presidente da República estexan presentes representacións da minoría de ERC e da vasca, e o 1 de outubro de 1936 votará favorablemente a aprobación do Estatuto Vasco nas Cortes, como xa fixera en 1932 no caso do Estatuto catalán, aínda que non estivo presente na toma de posesión de José Antonio Aguirre como lehendakari vasco o 7 de outubro de 1936 en Gernika, segundo asenlla trabucadamente Valentín Paz Andrade.

4. O 27 de marzo de 1937 deixará ouvir a súa voz baritonal na festa do Aberri Eguna, celebrada na Delegación Xeral de Euskadi en Cataluña xunto a Pau Romeva, de UDC, Joan Tauler, de ERC, e os correspondentes oradores vascos.

5. Nas Cortes republicanas, celebradas o 1 de febreiro de 1938 en Monserrat, Castelao presentará o Estatuto Galego para que tomase estado parlamentario. No *Sempre en Galiza* ficará constancia expresa que sóo as minorías catalana e vasca amosaron o seu máis férvedo apoio, mentres os demais, incruídos os socialistas galegos, alporizábanse con laios exclamativos de fartura autonomista: ¡Outro Estatuto!

Tra-la paréntese do ano 1939 e parte do 40 (-viaxes á URSS, EE.UU. e Cuba de propaganda republicana-), Castelao fixa a súa estancia en Bós Aires. Alí encetará a fase máis ferventemente galeuzcana de Castelao, froito dunha visión política federalizante, pero tamén do desencanto que lle producían os republicanos exiliados españois, no fondo sempre centralistas, fosen do partido que fosen, embarallados en continuas liortas e con complexo edipico monárquico nos temas autonómicos («viúvos da monarquía, casados en segundas nupcias coa República»).

IV. O EXILIO: 1940-1950.

Tan aixiña como chegue a Bós Aires en xullo de 1940 saudará ós vascos residentes na capital arxentina dende as páxinas da revista EUZKO-DEYA, con istas verbas autógrafas:

«Al llegar a este país generoso, donde nada me es axtraño, ma han recibido los brazos del Dr. Aldasoro con la emoción que los vascos saben poner siempre en sus afectos; pero este abrazo no ha sido sólo la expresión de una vieja y sólida amistad personal, porque nuestro encuentro renovará y consolidará ideales patrióticos que jamás se pueden camelar.

Los buenos gallegos hemos sentido el dolor y martirio del País Vasco y los hemos unido a nuestros propios sufrimientos; pero superándolos con la fé que los patriotas tenemos en el destino histórico de nuestras Patrias. No he olvidado el momento en que besé el árbol de Guernica y con aquella misma emoción saludo desde «Euzko Deya» a todos los vascos leales radicados en Américas.

Castelao.

Buenos Aires, 18-VII-1940».

Nesta longa etapa do exilio de Castelao a respecto do Galeuzca e as relacións cos vascos sería convinte **disterar tres fases**:

- 1940-1944: fase da esperanza e sementeira galeuzcana intercomunitaria.
- 1945-1946: fase do optimismo e da procura dun Galeuzca institucional.
- 1946-1950: Fase pesimista: esmorecemento do Galeuzca.

A.-L.A FASE: 1940-1944: ESPERANZA E SEMENTEIRA GALEUZCANA.

Castelao en setembro de 1939 xa anunciaba dende Nova York «aos irmáns de Bós Aires», que a súa liña fundamental de actuación no porvir sería «toda crás de compromisos cos Gobernos Vasco e Catalán» que garantan o dereito de Galicia e identifiquen as súas arelas coas do galeguismo. Estaba xa prefigurando o Galeuzca.

Este mesmo pensamento aparece na adhesión que remesa ó Consell Nacional Catalá, constituído en Londres o 11 de setembro de 1940, ós dous meses de crearse o Consejo Nacional de Euskadi, presidido por Irujo. A adhesión de Castelao estaba datada en Bos Aires, onde residía dende xullo.

Dende marzo de 1941 Castelao asistía a unhas xuntanzas de persoeiros vascos, cataláns e galegos, que se celebraban tódolos sábados no Centre Catalá. Nelas elaborouse unha proposta de Galeuzca. remesada a Irujo, quen lla enviou a Pi Sunyer, presidente do Consell Nacional Catalá. A proposta orixinaría pola banda do catalán varias observacións. reflexións e unha contrapro-

posta con matizacións e críticas. (Ver X. Estévez: *Antoloxía del Galeuzca*, pp. 104-112).

No medio deste proído trinacional en Bos Aires, os representantes máis cualificados do nacionalismo vasco, galego e catalán de cadansúa comunidade selan un pacto Galeuzca o 9 de maio de 1941.

Veleiquí o texto:

«Los representantes en la República Argentina de las organizaciones locales nacionales vascos, catalanes y gallegos, reunidos para considerar la situación creada a sus respectivos países por la guerra española y la consiguiente actual guerra europea y estudiar la forma de coordinar su acción para el logro de sus reivindicaciones nacionales, el afianzamiento común de los derechos civiles de sus ciudadanos, la salvaguarda de sus patrimonios culturales y económicos y la realización de la justicia social de acuerdo a las normas democráticas de derecho y a la tradición jurídica de sus pueblos adaptada a los modernos conceptos del valor social de la propiedad, el trabajo y la riqueza;

Habiendo coincidido plenamente, tras análisis detenidos y objetivos de las fuerzas actualmente en conflicto, en estimar que el grupo de naciones democráticas dirigidas por los pueblos anglo-sajones representan la mejor garantía para el desenvolvimiento de los demás pueblos dentro de una evolución pacífica, y la gradual y progresiva incorporación de los diversos grupos humanos - independientemente de su extensión y de su fuerza- al disfrute de la libertad y de los beneficios de la civilización, y a la afirmación de su personalidad tanto individual como colectiva.

Conviniendo en condenar la tradición unitarista y centralista del Estado español, empeñado en borrar su origen pluri-nacional y en someter a los pueblos peninsulares a la represión violenta de sus características diferenciales - con sola excepción del breve período de la última República constitucional - represión que hoy supera en crueldad a todo el pasado y amenaza con la extirpación de las lenguas, la cultura y las instituciones seculares de los pueblos vasco, catalán y gallego, constituyendo un elemento peligroso de perturbación de la paz europea, más teniendo en cuenta la vinculación de los que detentan el poder del Estado con las dictaduras totalitarias nazi-fascistas culpables de la guerra, la destrucción y el caos imperantes en el continente europeo;

Repudiando todo intento de inmiscuirse en la política interior o exterior de los países americanos que los acogen y de manera especialísima los desatentados propósitos nazi-falangistas de extender su imperio en este continente bajo pretexto de unidad de cultura y de destino, pero, en realidad, buscando motivos de penetración para cercenar la independencia de estos pueblos y atentar contra los regímenes que libremente se han dado;

Considerando necesario establecer nexos permanentes entre los distintos grupos nacionales que completen y respalden los inicialmente establecidos en

Londres por los representantes vascos y catalanes que confirmen el pacto de la triple alianza concluido en Barcelona el 11 de septiembre de 1923, renovado en Compostela en 25 de julio de 1933, a fin de que, sin menoscabo de la soberanía de cada nación y de la integridad de su espíritu y cultura particulares, puedan prestarse recíproco apoyo, y regular sus relaciones temporales o permanentes con los demás pueblos peninsulares y por ende con los pueblos de Europa y del mundo entero, los representantes reunidos;

CONVIENEN en establecer un pacto de concordia común basado en el reconocimiento de la personalidad nacional de cada grupo, con igualdad de derecho y de deberes, circunscripto a las actividades y finalidades siguientes:

1.º Se constituirá en la República Argentina, con carácter provisional, un Directorio u organismo coordinador, integrado por tres representantes de Euzkadi, tres de Catalunya y tres de Galicia, que tendrá por objeto estudiar y resolver las soluciones de conjunto que puedan favorecer a sus causas nacionales respectivas, proponer un programa y normas de actuación comunes, entender el agrupamiento de sus connacionales en el país y fuera de él, cooperar con sus representaciones en Europa, establecer contactos y acuerdos con orden basado en federaciones o confederaciones regionales o generales europeas para fines concretos y determinados. Siguiendo lo establecido en los pactos precedentes, este movimiento adopta la denominación abreviada GALEUZCA.

2.º GALEUZCA proclama su adhesión a los principios básicos siguientes:

- a) Soberanía de cada nación peninsular, compatible con una federación pactada en la que se deleguen algunas competencias como la coordinación de servicios y fuerzas, la legislación de tipo común especialmente la social, la seguridad colectiva, la representación e intervención en organismos supra-estatales, la cooperación intelectual, la elaboración y aplicación del derecho internacional y la difusión y generalización de los principios democráticos de derecho y justicia.
- b) Forma republicana de gobierno y régimen democrático representativos con sufragio universal y directo, libertad de conciencia y de cultos, libertad de pensamiento y de prensa, justicia de base popular, garantías a los derechos ciudadanos, al trabajo y a la propiedad legítimamente adquirida, libertad de profesión, de residencia, de contratación y disposición de bienes conforme a las leyes particulares de cada estado, las que, en ningún caso, podrán mermar, disminuir o adulterar el mínimo común establecido en los pactos federales o confederales.
- c) Política exterior de colaboración y buena voluntad, fomentando las relaciones internacionales de todo orden y propugnando por la creación de organismos supra-estatales que, considerando la paz indisoluble, dispongan de la autoridad y los elementos necesarios para preservarla, sancionar al infractor, y asegurar la vida libre de las instituciones y de los pueblos.

3.º GALEUZCA establece que ninguna de las tres naciones oprimidas debe aceptar, por separado, un régimen de autonomía concedido por el Estado español, pues sólo en un cambio total y racional de la estructura política de España podrán encontrar nuestros pueblos la garantía de la propia libertad. Si las circunstancias aconsejasen aceptar una autonomía, ésta debe ser igual y simultánea para las naciones integrantes del Estado español.

4.º GALEUZCA combatirá con todos los medios a su alcance al régimen despótico imperante hoy en España y cualquier otro que haya de sustituirlo y no se base en el reconocimiento de la personalidad de las distintas naciones, fundamento esencial de todo poder legítimo.

En el caso de que, durante el conflicto actual, la tiranía dominante en España, abiertamente totalitaria, involucrara el país en guerra contra las democracias eminentemente presididas por Gran Bretaña y los Estados Unidos, GALEUZCA combatirá pública y eficazmente por el triunfo de la democracia y contra las dictaduras y despotismos lo mismo en España que en cualquier parte del mundo.

Los representantes vascos, catalanes y gallegos dejan testimonio de estos acuerdos en documento escrito en los tres idiomas respectivos y en el presente que firman por triplicado en Buenos Aires, a 9 de mayo de 1941.

Firmado: Ramón M.a de Aldasoro,- Santiago Cunchillos Manterola, José Antonio de Llodio, por los Vascos.- José Escola Marsá, Manuel Serra Moret i Pedro Mas Perera, por los Catalanes.- Alfonso R. Castelao, Rodolfo Prada y José Rivadulla, por los Gallegos.-

O acordo, como se ve, continúa catro considerandos no limiar e o texto do acordo propiamente dito abranguí tamén catro apartados: a constitución dun directorio ou organismo coordinador de Galeuzca, a declaración da soberanía de cada nación asinante, a forma republicana e democrática de goberno, política exterior de boa vontade e colaboración con tódolos pobos libres, non aceptación dun réxime autonómico por separado, loita contra o franquismo e posicionamento a prol das democracias aliadas na Guerra Mundial (X. Estévez: Antología del Galeuzca : 112-114).

Os Consellos Nacionais de Euskadi e Cataluña enviaban dende Londres un cablegrama de conformidade con iste pacto.

Mais en outubro de 1941 reaparecía José Antonio Aguirre e o Consello Nacional Vasco de Londres diluíase. Aguirre aberxía a presidencia e encargábase das relacións galeuzcanas .

O 4 de marzo de 1942 Aguirre respostaba a unha carta de Castelao, quen a xulgar pola resposta do vasco, insistíalle na necesidade de aguilloar o Galeuzca.

En setembro do 42 Aguirre realizou unha longa viaxe por varios países sudamericanos, con homenaxes en Bos Aires das colectividades galega, vasca e catalana, coa sobranceira intervención de Castelao.

O 7 de outubro do mesmo ano o Teatro Alvear bonaerense asistía destemido a un magno festival, con estesa despregadura informativa e coa edición en fermosa feitura dun folleto de 29 páxinas con reportaxes, colaboracións e ilustracións de Castelao e Néstor Basterretxea, hoxe escultor vasco de sona, fillo do deputado e amigo de Castelao, Francisco Basterretxea.

En maio de 1943 Castelao escribía unha carta autógrafa a José Antonio Aguirre, adxudicándolle a representación do Galeguismo en calquera xestión que se precisase en Estados Unidos.

En novembro do mesmo ano Castelao empurraba novamente o Galeuzca nunha demorada epístola a José Antonio Aguirre, que residía en Nova York. (Ver *A Nosa Terra*: «Castelao. As Cartas de América», pp. 18-25).

Reiteraba a necesidade do Galeuzca, nomeaba a Aguirre «cabeza indiscutíbel» do movemento e asmaba que só o Galeuzca era capaz de restablecer a legalidade en España, baixo o sistema dunha República Federal, pois tal era o posicionamento que debía defender Galeuzca.

Aínda denantes da resposta de Aguirre, Galeuzca de Bos Aires, remesaría ó lehendakari un manifesto, expoñendo unha irta crítica contra a recién constituída «Junta Española de Liberación» en Méjico. A carta asinábana Castelao, Alonso Ríos e Lino Pérez polos galegos; Aldasoro, Lasarte e Basterretxea polos vascos; e Serra Moret, Escolá e Mas i Perera polos cataláns.

Aguirre aproveitaría a ocasión para responder a esta carta-manifesto e á de Castelao do mes de Santos anterior, cunha longa epístola de 10 follas, datada o 2 de marzo de 1944. Nela mostraba a súa conformidade coas apreciacións de Castelao sobre a Constitución do 31, debullaba o seu concepto de soberanía nacional e opinaba sobor do Estatuto galego. Estaba de acordo coa posta en marcha do Galeuzca e citaba as razóns da demoranza galeuzcana: a inconveniencia da conxuntura internacional, a desunión no campo político catalán e a necesidade da creación anticipada dun Consello Nacional de Galicia. (*X. Estévez: Antología del Galeuzca*; pp. 131-143).

Dende abril até novembro de 1944 amontóanse quenturentos os proxectos de Pacto de Galeuzca. Entre eles salientan os seguintes:

1. «Manifesto de Galeuzca», elaborado por José Ignacio Lizaso, Londres, 19 de abril de 1944. (*X. Estévez: Antología del Galeuzca*; pp. 143-148).
2. «Projecte de Pacte de Galeuzca», de Josep Ma. Batista i Roca, Londres, 5 de xuño de 1944. (*X. Estévez: Antología del Galeuzca*; pp. 149- 152).
3. «Tres propostas de Pacto Galeuzca», de Carles Pi Sunyer, Londres, 17 de outubro de 1944. (*X. Estévez: Antología del Galeuzca*; pp. 160-167).
4. «Plan Galeuzca», da Delegación Vasca de Bós Aires, presidida por Ramón Ma. Aldasoro, 23 de outubro de 1944. (*X. Estévez: Antología del Galeuzca*; pp. 168- 174).

5. «Dúas declacacións de Galeuzca», unha de José Antonio Aguirre e outra de Carles Pi Sunyer, 21 de novembro de 1944. (*X. Estévez: Antología del Galeuzca*; pp. 175-182).

No entreacto, Castelao escribíalle a Aguirre o 12 de xuño de 1944, comunicándolle a intención de crear axiña o Consello de Galicia e o adiantado estado de xestación dun proxecto Galeuzca, encargado por el á Delegación vasca de Bós Aires.

Aguirre respostáballe o 19 de setembro, indicándolle que en canto se constituíse o Consello de Galicia, —e urxía face-lo—, e se reconstituíse o Consell Nacional Catalá, «o pacto Galeuzca tería vida dende o primeiro momento».

O 15 de novembro de 1944 constituíase o Consello de Galicia e na súa acta fundacional concedíase autorización ó seu Presidente, Castelao, «para levar as negociacións de alianza cos Presidentes de Euzkadi e Cataluña».

O Galeuzca, polo tanto, debía encetar o carreiro institucional.

B.-2A FASE: 1945: OPTIMISMO E PROCURA DUN GALEUZCA INSTITUCIONAL.

A esperanza galeuzcana de converter o pacto nun compromiso escrito de tres Gobernos era xa un feito inminente, segundo recoñecía Castelao nunha carta a Valentín Paz Andrade, aínda que Castelao se laiaba diante de Aguirre o 3 de xaneiro de 1945 polo retraso na publicación do pacto.

Castelao participaba o 9 de febreiro nun acto de despedida ó seu amigo vasco, Ramón Aldasoro, de IR, que se marchaba de Bós Aires para ocupar un cargo importante no goberno vasco do exilio. O discurso de Castelao debruzaaba as analoxías entre os pobos vasco e galego:

«Amigos Vascos. Querido Aldasoro.

Vosotros sois los representantes de un pueblo único, tal vez el más antiguo de Europa, y nosotros somos los supervivientes de un pueblo que ha quedado dividido y confinado en los cabos occidentales de Europa, en los Finisterres, que de noche se saludan sin verse, con la luz de sus faros. Pero yo no sé qué hilos misteriosos y ocultos enlazan a nuestras patrias, desde Bayona a Bayona, como suelen decir los pilotos de cabotaje. Y si en Francia los bretones y los vascos se han preguntado muchas veces de donde provienen sus afinidades, creo que nosotros podemos hacernos la misma pregunta, porque esta rara simpatía que ahora se descubre en nuestras relaciones es algo que viene de muy lejos y de muy hondo—no es fruto de la pura casualidad—y algo hay de común en los fondos primitivos e insoportables de nuestro ser colectivo, de nuestro ser nacional, algo que no proviene solamente de nuestra antigüedad. Recuerdo que Don Manuel Murguía, el patriarca de las letras gallegas, esposo de Rosalía de Castro, llegó a decir que su amor a

la tierra nativa, a Galicia, le venía del corazón de su madre vasca. «Que no en vano—decía él—me dió como primera patria aquellas vivas entrañas nacidas en tierra libre y entre hombres que jamás fueron esclavos». Yo no sé si la arquitectura barroca de nuestros paisajes, cubiertos siempre por un manto de jugoso verdor, que nos hace ruralistas y amantes de la naturaleza. No sé si es aquella lluvia sutil, que moja sin sentirlo, que no sabemos si baja de las nubes o sube de la tierra y que vivifica nuestra carne y nuestro espíritu. No sé si es la bruma del Atlántico que empaña nuestros ojos cuando queremos escrutar las lejanías físicas o morales. ¡Quién sabe!. Pero yo sé que nuestros pueblos tienen un mismo sentido trascendente de la vida y de la libertad, que nos hace conservadores y resistentes para guardar y defender todo lo que hay de eternamente nuevo en lo antiguo y de eternamente original en nuestras tradiciones. Yo sé que nuestro arte popular, siempre lírico y al aire libre —el chistu y la gaita no son instrumentos de salón— dinamizan con ritmo idéntico nuestras canciones y nuestras danzas antiguas, de espadas, de palos y de arcos, que también se conservan en Galicia. Yo sé que no hay pueblo en el mundo que nos aventaje en amor al suelo patrio y a la casa materna, porque para vascos y gallegos nuestra tierra es el paraíso terrenal.

Permitidme que recuerde una anécdota que leí no sé en donde. Un sacerdote le dijo a un mozo vasco, pleno de salud y de optimismo: «¡Hijo, mío, este mundo es un valle de lágrimas!». Y el mozo vasco, tomando el mundo por su tierra, le respondió «¿Valle de lágrimas?. ¡Eso lo veremos!». Y eso mismo le hubiera respondido un mozo gallego, si sobre su alma no pesaran cinco siglos de opresión política y cultural.

Yo le quiero entrañablemente a vuestro país y a vuestro pueblo por sentimientos atávicos inexplicables. He contemplado muchas veces a través de la ventanilla del ferrocarril en mis varios viajes a Francia, después de haber atravesado las llanuras castellanas, y al entrar en vuestro país mi corazón me decía que entraba en el mío. Recuerdo mis paseos solitarios por las calles de Bilbao y San Sebastián. Recuerdo la emoción que me produjo el dirigirme a una multitud vasca en el frontón Euskalduna de Bilbao. Pero la emoción más intensa que me produjo vuestro país, una de las emociones más vivas de mi vida, se la debo a Aldasoro. Aldasoro me llevó a Guernica en una tarde de otoño del año 1932. ¿Lo recuerdas?. Aún veo el viejo roble de Guernica, reducido a un muñón de hierro, que se alza como una deidad mitológica bajo un baldaquino de piedra. Y no sé que respeto ancestral me infundió aquel roble muerto, como si dentro de mí se despertera el espíritu de mis antepasados celtas, que veneraban los árboles y también se reunían bajo los robles para deliberar y tomar acuerdos, de cuya costumbre aún quedan algunos testimonios milenarios, como el roble de Silleda y el de Santa Margarita de Pontevedra. Sé que sin poderlo remediar, besé aquel tronco con la misma unción religiosa y patriótica en que lo hubiera besado un vasco resucitado. Veo el roble nuevo, con su tronco alto y lanzal y su copa magnífica, de hojas verdes y frutos nuevos, que ha de ver morir y nacer a muchas generaciones de vascos. El roble viejo y el nuevo, el muerto y el vivo, representan una misma idea, apenas interrumpida por un siglo de torpe filosofía, representan el mismo sentido atlántico de la libertad, que sólo vosotros supisteis mantener. Y ninguno de los monumentos que ví después en mi larga peregrinación por el mundo logró eclipsar el recuerdo de los robles de Guernica, ni siquiera la famosa y gigantesca estatua de la libertad que se alza en la entrada de Nueva York, con sus picos de en la cabeza y su ice cream en la mano derecha, porque todos los monumentos son proyectos y deseo de libertad.

Pero el viejo roble de Guernica no es un proyecto; es el testimonio de la libertad efectiva que disputó el pueblo vasco, es el símbolo de los viejos fueros de Euskadi. Y el roble nuevo tampoco es un proyecto, es la garantía de la libertad que dentro de muy poco tiempo va a disfrutar el pueblo vasco, es el símbolo de las doctrinas de Sabino Arana. Y del espíritu ancestral de Galicia me vine mi solidaridad con vosotros en el amor a la libertad de los hombres y de los pueblos.

Querido Aldasoro: Vas a reunirte con el Lendakari de los vascos, que es en cierto modo, un poco Lendakari de los gallegos, por el afecto que le tenemos y porque él es la máxima figura de Galeuzca. Dile que los gallegos confían ciegamente en su lealtad, que admiramos su talento y proclamamos sus virtudes políticas. Dile que yo, al entrar en los sesenta años de edad, envidio su juventud, tan fuerte como la del nuevo roble de Guernica.

Que tengas feliz viaje y que regreses pronto».

Castelao achábase eufórico e así o transluce nunha epístola, remesada en xaneiro a Portela Valladares.

Mais Aguirre, en dúas cartas remesadas en marzal, aducía varias razóns para o aprazamento de Galeuzca entre elas o xurdimento dun movemento aglutinador catalanista, «Solidaritat Catalana». Iste retraso, emporiso, coincide sospeitosamente coa sinatura do pacto de Baiona (17-marzo-1945), no que se incruían tódalas forzas vascas, que xa formaran parte do primeiro Goberno vasco en outubro de 1936 e que voltarían a integrarse na reconstitución deste goberno no exilio, realizada en agosto de 1946.

En marzo e abril de 1945 remesaba Bos Aires ó interior «un proxecto de alianza con Portugal» e «proxecto de plan de acción de Galeuzca», que obra no arquivo Ramón Piñeiro.

O 29 de abril de 1945 co gallo do oitavo cabodano do bombardeo de Gernika, Castelao participaba nunha homenaxe á vila foral, celebrada na praza do mesmo nome en Montevideo, donde pronunciou iste discurso, que repite algúns conceptos do pronunciado en febreiro, co gallo da despedida a Aldasoro:

«Demócratas:

Creo haber leído las mejores páginas que se han escrito sobre el martirio de Guernica; pero la mejor de todas ellas la escribió el Presidente de los vascos para advertencia del mundo. Voy a leerla: «Ante Dios y la Historia que nos ha de juzgar, afirmo que durante tres horas y media los aviones alemanes han bombardeado con una fiereza desconocida hasta aquí, a la población civil indefensa de la histórica villa de Guernica, reduciéndola a cenizas y persiguiendo con tiro de ametralladora a las mujeres y niños que han perecido en gran número, mientras huían locos de terror. Yo pregunto al mundo civilizado si puede permitir el exterminio de un pueblo que ha considerado siempre como su más grande título de gloria la defensa de la libertad y de la santa democracia que Guernica con su árbol milenario ha simbolizado a través de los siglos».

Y yo pregunto: ¿Es que el mundo civilizado ya no recuerda el holocausto de Guernica? ¿Es que los arquitectos de la paz futura del mundo pueden olvidar que Hitler realizó su primer ensayo de exterminio sobre la indefensa Guernica, para asustar a los franceses e ingleses, y que Franco le ofreció «su patria», lo que él llama «su patria», para que sobre ella comenzaran los horrores de la guerra totalitaria?. Yo no lo creo; no quiero ni puedo creerlo; y no me sumo al grupo de los escépticos, descreídos, desconfiados y pesimistas, porque en estos momentos de esperanza sólo puede haber luz en nuestros corazones.

Por eso yo no vengo a entristeceros con el recuerdo de Guernica, sino a iluminaros con la esperanza que surge del martirio. Bien dijo el Presidente de los vascos que Guernica, con su árbol legendario, simbolizó, a través de los siglos, la libertad y la santa democracia. Pero la vida de un roble es demasiado corta para simbolizar la fecundidad espiritual de un pueblo y de una nación que sabe conservar la lengua de los primeros metales. Por otra parte, la vida de un roble, aunque sea milenario, no basta para medir el ansia humana de libertad. Pero en Guernica no hay un roble; hay una dinastía de robles, y cada uno de ellos guarda la historia de su tiempo, el recuerdo de la libertad vivida o ensoñada.

Yo he sentido la fuerza mágica de Guernica y su árbol glorioso.

Estoy viendo el viejo roble, el muerto, el padre, reducido a un muñón de hierro, que se alza como una deidad mitológica bajo un baldaquino de piedra. Yo no sé qué respeto ancestral me infundió aquel tronco, como si dentro de mi despertara es espíritu de mis antepasados celtas, que también veneraban los árboles, y sin poderlo remediar he besado aquel tronco con la misma unción religiosa y patriótica con que lo hubiera besado un vasco acabado de resucitar.

También estoy viendo el roble nuevo, el hijo, el vivo, con su tronco alto y lanzal y su copa de hojas verdes y frutos tiernos, que ha de ver nacer y morir a muchas generaciones de vascos. Este árbol no me infundió respeto, sino gozosa esperanza, una alegría de vivir como la de aquel muchacho vasco a quien le dijeron que este mundo era un valle de lágrimas y él respondió: ¿Valle de lágrimas? ¡Eso lo veremos!.

Sí, amigos míos; el roble viejo y el nuevo, el muerto y el vivo, el padre y el hijo, simbolizan una misma idea, apenas interrumpida por un sigo de torpe filosofía política, representa el sentido atlántico de la libertad que sólo es viable dentro de una auténtica democracia. Yo he visto muchos monumentos erigidos en loor de la libertad, pero ninguno de ellos eclipsó el recuerdo de Guernica, ni siquiera la gigantesca estatua de la libertad que se alza a la entrada de Nueva York, porque estos monumentos creados por el genio artístico de los hombres no son más que proyectos y deseos de libertad.

Pero el viejo roble de Guernica, a cuya sombra se disfrutaron los antiguos fueros de Vizcaya, no es un proyecto; es un testimonio fehaciente de la libertad efectiva que disfrutó el pueblo vasco, cuando también había libertad en otros pueblos de la Península. Y el roble nuevo, el vivo, el hijo, bajo cuya sombra germinaron las ideas de Sabino Arana, no es un proyecto; es una garantía de libertad que dentro de poco tiempo disfrutará el pueblo vasco y todos los pueblos de España.

Guernica fue reducida a cenizas, pero quedaron en pie sus dos robles, el viejo y el nuevo, pero aunque hubieran desaparecido yo sé en qué parte de Galicia

crece un nieto prodigioso y así el árbol de Guernica seguirá simbolizando a través de los siglos la libertad y la santa democracia.

Yo he venido a decir esto en un acto que se pone bajo la advocación de una palabra: Galeuzca, que no es nueva ni ha nacido en el exilio, pues data del año 1932(sic) y confirma el pacto tripartito, firmado en Barcelona el año 1923, van allí 22 años, y su ideal unionista ni es restringido ni excluyente, pues trasciende a todo el solar ibérico hispano en sus últimas aspiraciones. Decir que Galeuzca es una organización ilícita por separatista vale tanto como defender la forma absoluta y totalitaria de la monarquía de los Austrias o condenar la esencia originaria del republicanismo español, que ha nacido federal y sólo como federal se podría consolidar. Pero si todos se empeñan en llamarnos separatistas fuerza será que aprovechemos el mote para decir que los separatistas representamos a pueblos que desean la libertad y que jamás nos colocaríamos como ceros a la derecha de nadie, pero que ansiamos ser sumandos, tal vez decisivos, en el total democrático de la España desterrada como ya los somos en la España sometida. Diremos que los llamados separatistas estamos unidos y jamás sembraremos discordias, deseando que cesen cuanto antes las disputas inútiles y perniciosas de los centralistas, para entrar con ellas en una dirección política única, capaz de derribar el régimen franquista y restablecer el orden republicano en España. ¿Está esto claro?. Pues si no lo estuviere yo añadiré por mi cuenta y con verdadero dolor, por la amistad que guardo para todos los hombres del republicanismo, que si inmediatamente no cesaran en sus disputas creeré que en el exilio no hay ex-gobernantes capaces de volver a gobernar y entregaríamos nuestros afanes al servicio exclusivo de nuestros pueblos, de los que están allá, contando el tiempo por noches, para no sufrir la vergüenza de ser repatriados como cadáveres políticos.

He dicho».

En agosto saía do prelo o primeiro número da revista Galeuzca(-que duraría 12 números deica xullo de 1946-) e os actos, artigos xornalísticos, homenaxes de carácter galeuzcano agallopaban uns tras outros. Nela colabouraría Castelao con catro artigos, un deles, mesmamente, sobre o rexionalismo de Manuel Martínez Murguía, a quen se lle dedicaron as Letras Galegas do 2000. Iste era fillo de Concha Murguía Egaña, nascida la vila guipuzcoana de Oiartzun o 29 de xaneiro de 1806, de familia liberal-fuerista, que se viu obrigada a trasladarse a Galiza por mor da invasión dos Cen Mil Fillos de San Luis en 1823 no remate do Trienio Liberal.

Emporiso a sinatura do pacto Galeuzca non se facía efectiva e, ademais dos laídos e queixumes de Castelao, tamén chegaban berros pregadores cataláns que cramaban polo selo definitivo dun acordo trinacional institucional. Así o manifestaba Carles Pi Sunyer a Castelao o 10 de setembro e antes xa insistira diante de Aguirre.

Emporiso, a efectividade galeuzcana demostrouse na celebración das Cortes republicanas en Mexico en novembro de 1945. Creouse un grupo parlamentario galeuzcano de preto dunhos 27 deputados, entre eles Castelao, que fixo causa común na defensa da presentación do Estatuto galego.

C.-3A FASE: 1946-1950: PROGRESIVO ESMORECEMENTO DO GALEUZCA.

As primeiras sinais de pesimismo debrúzanse nunha carta de Castelao a Aguirre o 10 de xaneiro de 1946 e parellas queixas insire o rianxeiro ós poucos días noutra epístola a Pi Sunyer. Dille a Aguirre: «Empezo a creer que Galeuzca xa non sairá do in pace en que caíu e que aquil pacto tripartito de que tanto falamos nas nosas cartas—pacto xa escrito e soio pendente das nosas sinaturas—non é outra cousa que un recordo.»

Semellante pesimismo tamén se advirte nunha carta ó catalán, Josep Irla.

Castelao, ademais, queixábase de que non houbera ningún ministro galego no Goberno republicano, presidido por Giral.

As xestións de Aguirre(-aínda que iste inicialmente incrinábase por Portela Valladares-), dalguns cataláns, dos galeguistas do interior (-Ramón Piñeiro, alias «Santiago» viaxou a París con ise adaxe-) e sobre todo de Irujo conseguiron que na remodelación ministerial de maio de 1946, Castelao fose nomeado ministro sen carteira. Marcha a París en xullo e dende esa data até xaneiro de 1947 a correspondencia galeuzcana interrómpese.

En xaneiro de 1947 o Goberno Giral entraba en crise, promovida polos socialistas prietistas, que comenzaban a albiscar un troco de rumbo: abandonar as institucións republicanas no exilio e percurar un acordo cos monárquicos. Nela, segundo Castelao, os vascos e os cataláns non estiveron á outura das circunstancias. No novo goberno, presidido polo socialista Rodolfo Llopis, a pesares das xestións vascas e catalanas, xa non habería ningún representante galeguista.

Tra-la crise do Goberno Giral, Castelao volta para Arxentina en xullo de 1947, despedíndose de Aguirre con emocioado agradecemento, pero recordándolle: «Ben sabes que eu sigo creendo na necesidade de Galeuzca, porque é o único que falla por ensaiar».

Castelao regresaba á patria de alén mar, amargurado de espírito e doente de corpo, somentes adozado pola amizade de Irujo, a quen lle dirixirá as máis acedas cartas dende Bós Aires. En París, nunha conversa con Irujo, aparecerían os primeiros síntomas da doenza que o levaría á campa.

O 6 de outubro do 47 xa deproraba diante o rexo navarro de Estella o desleixo do Galeuzca. Mais serán as cartas cruzadas entre abril-xullo de 1948 e setembro de 1949, (-xunto con outra remesada ó seu curmán Alfredo Somoza-) as que subministren o prebe máis gorenteiro para entender o fracaso de Galeuzca.

Castelao, en catro cartas xebremente luíntes e acedas dirixidas a Irujo e que sóo a increbábel amizade do navarro era capaz de aturar, confesa o seu

desengano e fracaso non só polo acantoamento de Galeuzca, senón tamén por algúns aviltamentos dos vascos. Cita os seguintes:

1. Non convidar os galegos para participar no Congreso Federalista da Haia de 1946.
2. O silencio sobre o nacionalismo galego por parte de Landaburu nun artigo publicado pola revista *Cahiers du Monde Nouveau*, en febreiro de 1947.
3. A sinatura dun pacto entre o PNV e ERC en outubro de 1947, sen lembrarse, alomenos por xentileza, dos galegos.
4. A marxinação de Galicia nas conferencias, debates e proxecto da «Comunidade Ibérica de Nacións», artellado en Londres a comezos de 1945, coa participación de Pi Sunyer, o socialista Luis Araquistain, o portugués Cortessao e o mesmo Irujo.
5. O rexeitamento do Galeuzca, non cumprindo as promesas dadas, «porque saberás -dille a Irujo- que foi un vasco (-non cita, pero sobreenténdese que fora Aguirre-) quen matou Galeuzca, esquecendo, inclusive, as súas verbas escritas, que obran no meu poder».
6. O refugamento do Galeuzca debeuse ás presións dos socialistas, sobre todo de Prieto.

Parellas acusacións verquerá Castelao nunha carta a Alfredo Somoza, datada o 20 de setembro de 1948, donde expricitamente menciona a José Antonio Aguirre como culpabel do desleixo de Galeuzca.

Irujo negaría as acusacións, aínda que sen expor argumentos axustados e coherentes. Namentras Irujo, con verbas carraxentas, dirixíase ás autoridades penevistas para que lle desen unha explicación a Caslelao por estas desatencións que non merecía.

Por outra banda, a conxuntura internacional non era favorable para os intereses dos republicanos españois nin dos persoeiros galeuzcanos, pois os aliados non desexaban o derrubamento de Franco e querían mate-lo como un valado, estratéxicamente ubicado no fisterre de Europa, fronte a ameaza comunista. Xa o avisara en 1944 Wiston Churchill. Franco e España ficaban ancorados como un «portavión-defensivo e centinela de Occidente». Os tratados con EEUU, a comezos dos 50 viñeron a ratificar esta posición. Comenzaba a Guerra Fría, na que o mantemento do réxime franquista nunha Europa, dividida en bloques, xugaría un papel esencial.

É posíbel que o corvo do cancro, co seu doorido petarrear, influíra no ánimo de Castelao; pero en toda a correspondencia que lin do rianxeiro non atopei verbas máis acedas e amarguradas—agás unha carta dirixida a Josep Plá, residente en Francia—que estas epístolas remesadas a Irujo e Alfredo Somoza.

Xenegan un desengano integral por mor da actitude dos vascos no tema galeuzcano. Nunha delas, na que acusa a Prieto da última culpabilidade no tema chega a escribir Castelao esta frase, que para algúns soaría incomprendible: «Entre Franco e Prieto, non sabería a quen escoller».

Ramón Piñeiro, nas curtas lembranzas espalladas na revista Grial, e D. Paco Fernández del Riego no seu «O río do Tempo dun xeito indirecto, veñen a cargar no lombo de Carles Pi Sunyer a culpabilidade do acantamento do Galeuzca. Castelao, emporiso, apoñanlla a responsabilidade a Aguirre e que foran as presións socialistas, particularmente de Prieto, sobre o lehendakari vasco as derredoras empurradoras do desleixo galeuzcano. Convén lembrar que os socialistas asinaron o pacto de Baiona en marzal de 1945 e formaban parte, (–con dous conselleiros, F. Zarza e E. Dueñas–), do reconstituido Goberno Vasco dende agosto de 1946.

Informes e correspondencia do arquivo Irujo tampouco deixan o asunto moi craro, aínda que semella recair unha meirande responsabilidade na presidencia vasca. José Ignacio Lizaso, persoeiro vasco afincado en Londres, escríbelle a Irujo catro cartas a comezos de febreiro de 1947 co gallo da crise do goberno Giral. Nelas critica a actitude do cumio do PNV, principalmente a de José Antonio Aguirre, pola acción no desenrolo da crise, polo desleixo do Galeuzca e por non haber apoiado dabondo a presenza de Castelao no novo goberno republicano no exilio, presidido polo socialista, Rodolfo LLopis.

Dous informes, do mesmo arquivo Irujo, correspondentes a finais de 1948 e comezos de 1949, que recollen entrevistas entre representantes de ERC, entre eles Carles Pi Sunyer, e do PNV tamén parecen confirmar a responsabilidade vasca. Carles Pi Sunyer amósase un férvido siareiro do Galeuzca, afirmando a a necesidade de revitalizalo e levalo á práctica, o cal non cadraría axeitadamente se el houbese sido culpabel do desleixo de galeuzca, aínda que o pragmatismo e posibilismo en política nunca permite coñecer con exactitude a fronteira entre promesas e compromisos e intencións e realidades.

En resume, fica nidio que o desleixo do Galeuzca non ocorreu pola banda galeguista. As meirandes responsabilidades semellan recair máis na parte vasca que na banda catalana, aínda que é ben sabido que Josep Tarradellas sempre foi un rexo antigaleuzcano.

Castelao finou o 7 de xaneiro de 1950. No seu enterro participou, en representación do Goberno Vasco, o delegado na Arxentina, Pedro de Basaldúa, que escribiu un sentido pesar no N^o extraordinario de A NOSA TERRA, dedicado ó acontecemento. Nese mesmo N^o tamén aparecerán unhas palabras de Manuel de Irujo, o seu sinceiro amigo. Somentes se recitou un responso ante o cadaleito do «guieiro e mestre». Rezouno en euskera o Pai betarramita vasco, Iñaki de Azpiazu. O Goberno Vasco orgaizará o 13 de febreiro unha homenaxe a Castelao en París, recollido polo miúdo na revista EUZKO-DEYA.

Veliquí o texto de Basaldua:

«La Delegación Vasca, interpretando fielmente el sentimiento de la colectividad en la Argentina, del pueblo en exilio y de aquel que no goza de libertad, y de un modo particular en nombre del Presidente del Gobierno de Euzkadi, José Antonio de Aguirre, quiere adherirse al dolor sincero y profundo de Galicia, a las lágrimas del pueblo hermano que llora por la pérdida del más brillante y apasionado de sus hijos, el insigne Alfonso Castelao.

Saben nuestros hermanos gallegos, sabéis vosotros que habéis tenido el privilegio de gozar de su intimidad, la admiración y el afecto, los lazos espirituales, los ideales comunes que nos ligaban a Castelao, con quien hemos convivido y colaborado con fe y confianza, para que valoréis en su justo término la angustia de nuestro corazón y el dolor que embarga nuestro ánimo. Ante ese sentimiento emocionado, decimos que las palabras están demás y que tan sólo cabe abrir ancho el corazón al dolor y el pesar.

Tenemos fe en que su alma, tan llena de bondades, descanse en la paz del Señor, como tenemos fe en que su obra, sus ideales a los que todo sacrificó con ejemplar generosidad, se conviertan en realidad y perduren en el futuro para bien de Galicia, de esa Galicia que llevaba prendida en el corazón con fervor y apasionamiento.

Castelao ha muerto, pero con su muerte ha hecho revivir el espíritu de su pueblo, sacudido y conmovido. Castelao ha muerto, pero con su muerte Galicia toda, tiene ahora una bandera, un símbolo que agitará conciencias y hará que los ideales de aquél se impongan y fructifiquen.

La prueba de afecto y de solidaridad que todos hemos hecho hoy acompañando el cadáver del amigo y del maestro, debe tener una continuidad de lógica lealtad, al ser fieles a los ideales que animaron su alma. Ese será el mejor y más bello homenaje que podemos hacer al insigne, entrañable y llorado amigo».

O texto de Manuel de Irujo é iste:

Amigo Prada:

Castelao ha muerto. ¡Viva Castelao!. Lo he sabido tarde. Pasaba unas vacaciones en casa de mi hija, y unas vacaciones dejan de serlo si el correo sigue funcionando con normalidad.

Castelao es el precursor de la libertad de Galicia, su cantor, su poeta, pintor e historiador. Todo eso sigue siéndolo, porque Castelao, su obra, vivirá tanto como viva Galicia, y su figura prócer se acrecentará cuando lleguen los días, *que llegarán* en que Galicia, recobrando su propio ser, se redima de los siglos de esclavitud en que, desvíos de sus hijos más obligados a honrarla y opresiones extrañas que aún siguen atenazando su cuerpo social, la pusieron. Mas la monumental figura de Castelao no es sólo de Galicia. Cruzó sus fronteras tiempo ha. Es un nombre que fué dado de alta entre los varones preclaros de valor universal. Ninguna enciclopedia sería dejará de anotarlo en sus páginas. Yo no necesito recurrir al brillo de su valer. Recuerdo más de cerca el afecto entrañable de su corazón, que era lo mejor de Castelao, con ser tan ingente su obra de artista, escritor y hombre representativo.

Como amigo, como vasco y como hombre, me asocio cordialmente al dolor de Galicia. Ruégole, amigo Prada, tenga la bondad de transmitir mi pésame más sentido a la colonia gallega de Argentina. Y le suplico anotar mi nombre en la relación de los que por suscripción costeen la estatua que Galicia-Galiza ceibe-ofrezca al precursor de su libertad.

Muy suyo,

M. Irujo.

Como decía Irujo:»¡Castelao ha muerto! ¡Viva Castelao!», porque o seu pensamento, obra e vida siguen vixentes e continúan coma un poderoso a espallar luz no camiño da liberdade, da xusticia, da solidariedade e da procura da soberanía dos pobos peninsulares en pé de igoaldade. Algunhas facianas do seu pensamento político aínda non se cumpriron e noutras adiantouse ó porvir, como se pode ler no remate do «Sempre en Galiza»:

«Non temos ningunha fé nos hespañoes; pero témola en nós mesmos e nas ideas que profesamos. estas ideas poden concretarse nos catro principios seguintes:

- a) Autonomía integral de Galiza para federarse cos demais povos de Hespaña.
- b) República Federal Hespáñola para confederarse con Portugal.
- c) Confederación Ibérica para ingresar na Unión Europea.
- d) Estados Unidos de Europa para constituir a Unión Mundial».

V. CONCLUSIONS.

— 1a.-Castelao pasou de ser un tépedo partidario do Galeuzca durante o etapa republicana (1933-36) ó seu máis fervente defensor entre 1941-47, até chegar a un fondo desengano nos dous anos finais da súa vlda (1948-50), aínda que sen desbotar o seu concepto do Galeuzca como o único método para arteñar unha restaurada República Confederal.

— 2a.-Castelao coidaba que a constitución dun fronte trinacional periférico era a única capaz de trocar a vella estrutura centralista do Estado Español por outra nova de carácter federal ou confederal, sobre todo ó decatarse que os republicanos no exilio enguedellábanse en liortas a cotío e mantiñan unha case ancestral mentalidade uniformadora.

— 3a.- A súa serodia intervención no Galeuzca de 1933 tivo o obxectivo de conquistar o retorno da República ó federalismo primixenio e acadar o recoñecemento internacional de Galicia como minoría nacional.

— 4a.- O seu férvedo protagonismo no Galeuzca do exilio cobizaba que, no previsibel caso do derrubamento do franquismo e a restauración de República por mor do trunfo dos aliados na Guerra Mundial, entrasen en vigor de xei-

to inmediato os Estatutos vasco, galego e catalán e se implantase un réxime democrático, republicano e de xorne federal ou confederal. Polo que o Galeuzca, que tanto desexaba Castelao, formaba parte dunha estratexia do rianxeiro, para imprantar unha nova cultura política, consistente en considerar o Estado español un mosaico plurinacional, que só tería unha traducción e solución real a través dun artellamento confederal peninsular, posto que Portugal entraría tamén nesa estruturación.

— 5a.-Os dous periodos galeuzcanos, 1933 e 1941-47, fracasaron por variadas e diferentes causas endóxeas e esóxeas. Mais para Castelao a causalidade fundamental no fracaso do Galeuzca do exilio radica na actitude do Presidente vasco, José Antonio Aguirre, presionado polos socialistas (sobre todo por Prieto), que formaban parte do Goberno Vasco do exilio dende agosto de 1946. Cicais Castelao non se decatou que Aguirre prefería a realidade pragmática dun Goberno Vasco Unitario á utopía posibilista dun Galeuzca Trinitario.

— 6a.-Iste último fracaso do Galeuzca político supuxo un antecedente negativo de cara a coxuntura da transición democrática nos anos 1975-1978. O non contar cun bloco sólido, unitario e trinacional foi un factor coutador, que obstaculizou os pasos dunha Constitución federal ou confederal e o recoñecemento do dereito de autodeterminación e non un híbrido Estado das Autonomías. Outra oportunidade histórica desaproveitada.

— 7a.- De tódolos xeitos O Galeuzca non poder considerarse globalmente como un fracaso, entre outras razóns porque hoxe estamos eiquí a falar i escribir encol del. Sempre será un fito emblemático, que na coxuntura máis insospeitada pode empurrar de novo a solidariedade entre as nacións periféricas, solidariedade que, desgraciadamente, non existe en estado químicamente puro. O nacionalismo non pode analizarse co aséptico bisturí dun veterinario ou o insensibel soprete dun fontaneiro. No nacionalismo, que posúe ingredientes relixiosos no senso do «religare» latino, infrúen elementos obxetivos e subxetivos, pero tamén agrutinantes simbólicos, capaces de catapultamentos inesperados. Un deles pode ser e de feito é o Galeuzca.

— 8a.-Mesmamente na actual coxuntura as Declaracións de Barcelona, Vitoria e Santiago, e os posteriores acordos de Bilbao a comezos do 2000, demostran nidiamente que o Galeuzca non foi foguete de artificio, suministrando argumento histórico para a reformulación do Estado e o espallamento dunha nova cultura política, que percuran os asinantes. O pulo actual irá máis na liña do Galeuzca do exilio, que no da Triple Alianza de 1923 ou no Galeuzca de 1933. Eu, emporiso, pregaría que, por razóns de efectividade, pragmatismo, robusteza reivindicativa, solidariedade, vontade aperturista e ampritude de mentes, se incorporasen ó movemento actual o abano enteiro das forzas nacionalistas galeuzcanas: ERC, EA i EH, e inclusive outras forzas que poideran estar interesadas en reformular a estrutura do Estado español e crear unha nova cultura política, pois polo camiño actual non se pode seguir.

VI. BIBLIOGRAFIA FUNDAMENTAL.

- AGUIRRE Y LEKUBE, J.A.: «Diario de Aguirre»; Txalaparta, Tafalla, 1998.
- ALONSO, B.: «O Exilio de Castelao»; A NOSA TERRA, Vigo, 2000.
- ANASAGASTI, I.(Dir.): «Castelao y los Vascos»; Idatz Ekintza, Bilbao, 1985.
- A NOSA TERRA: «Castelao e Bóveda irmáns!!»; Extra 5-6; Promocións Culturais Galegas, Vigo, 1977.
- A NOSA TERRA: «Castelao. As cartas de América. Documentación e fotografía»; A Nosa Cultura, 12; Promocións Culturais Galegas, Vigo.
- A NOSA TERRA:., N^o extraordinario dedicado a Castelao, Día de Galiza, Bos Aires, 1950.
- ARQUIVO IRUJO, legajos 30, 34 e 37.
- BERAMENDI, J.G. e NÚÑEZ XEISAS, X.M.: «O nacionalismo galego»; Ed. A NOSA TERRA, Vigo, 1995.
- BLAS GUERRERO, A.: «Nacionalismo del exilio: Galeuzca, cuarenta años después»; Sistema, Revista de Ciencias Sociales, 74, Septiembre-1986, pp. 123-134.
- CASTELAO: «Sempre en Galiza»; Akal, Madrid, 3a. edición, 1980.
- CASTELLS, V.: «Catalans d'Amèrica per la independència»; Portic, Barcelona, 1986.
- CASTRO, X.: «O Galeguismo na encrucillada republicana»; Deputación Provincial de Ourense, 1985.
- CUPEIRO VÁZQUEZ, B: «A Galiza de Alén Mar»; Ediciós do Castro, Sada-A Coruña, 1989.
- DAS CASAS, A.: «Diario dunha viaxe de nazonalistas. Galeuzca»; revista ALENTO, Santiago de Compostela, números 1 y 2, pp.17-32, 1934; número 3, pp.49-64, 1934; números 7 y 8, pp. 97-112, 1935.
- ESTEVEZ, X.: «De la Triple Alianza al pacto de San Sebastián(1923-1930). Antecedentes del Galeuzca»; Mundaiz, San Sebastián, 1991.
- ESTEVEZ, X.: «Antología del Galeuzca en el exilio.1939-1960.»; Ed. J.A. Ascunce, San Sebastián, 1992.
- ESTEVEZ, X.: «Impenitencias galeuzcanas»; Ediciós do Castro, Sada-A Coruña,1992
- ESTEVEZ, X.: «Castelao e o nacionalismo vasco(1931-37)»; Actas do Congreso Castelao, Santiago de Compostela, 1989, pp 67-88.
- ESTEVEZ, X.: «Castelao no Galeuzca»; A TRABE DE OURO, Tomo I, Ano V, Xaneiro-Febrero-Marzo, 1994, pp. 71-79.
- ESTEVEZ, X.: «El nacionalismo vasco y los Congresos de Minorías Nacionales de la Sociedad de Naciones(1916-1936)»; Actas del XI Congreso de Estudios Vascos, Eusko Ikaskuntza, Donostia, 1992, pp. 311-322.
- ESTEVEZ, X.: «Las relaciones entre los nacionalismos periféricos: vasco, gallego y catalán»; in «Ideología y nacionalismo»; Ed. Pedro Ibarra, Instituto de Estudios sobre Nacionalismos Comparados, Vitoria-Gasteiz, 1992, pp. 94-150.
- ESTEVEZ, X.: «El nacionalismo vasco en el concierto de los nacionalismos peninsulares»; in «Euskal Herria. Historia y Sociedad»; Caja Laboral Popular, San Sebastián, 1985, pp. 536-548.
- FERNÁNDEZ DEL RIEGO, F.: «O río do Tempo. Unha historia vivida»; Edicós do Castro, Sada- A Coruña, 1990.
- GALEUZCA, (revista mensual), Buenos Aires, agosto 1945-Julio 1946. Reedición facsimilar a cargo de Leopoldo Zugaza, Durango, 1977.
- GRANJA, J.L. de: «la alianza de los nacionalismos periféricos en la II República: Galeuzca»; Congreso Castelao, Tomo I, 1989, pp. 321- 347.
- GRANJA, J.L. de: «Nacionalismo y II República en el País Vasco»; C.I.S., Madrid, 1986.

- MARQUINA BARRIO, A.: «El Pacto Galeuzca»; HISTORIA 16, 46, 1980, pp. 27-38.
- NÚÑEZ SEIXAS, X.M.: «A supervivencia do nacionalismo galego na emigración americana (1939-1960)»; in Tusell, J./Alted, A. e Mateos, A. (coord.), «la oposición al régimen de Franco»; UNED, Madrid, vol. 2, pp. 275-295.
- PAZ-ANDRADE, V.: «Castelao na luz e na sombra»; Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1982.
- PIÑEIRO, R.: «Da miña acordanza»; GRIAL, nº 111, 1991.
- PI SUNYER, C.: «Memòries de L'Exili»; Curial, Barcelona, 1978.
- PI SUNYER, C.: «La República y la Guerra. Memorias de un político catalán»; Ed. Oasis, México, 1975.
- RIERA I LLORCA, V.: «Els exiliats catalans a Mèxic»; Curial, Barcelona, 1994.
- REI ROMEU, M.: «Alfonso Daniel CASTELAO»; A NOSA TERRA, Vigo, 1999.
- SAMUELLE, C.: «Conversas con Manuel Meilán»; Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1993.
- SIXIREI, C.: «Alfredo Somoza. Encadramento histórico dunha figura esquecida do galeguismo»; Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1987.
- TOBIO, L.: «As décadas de T.L.»; Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1994.
- UGALDE ZUBIRI, A.: «La Acción Exterior del Nacionalismo Vasco (1890-1939): Historia, pensamiento y Relaciones Internacionales»; IVAP, Bilbao, 1996.
- VV. AA.: «Los Nacionalistas. Historia del nacionalismo vasco. 1876-1960»; Fundación Sancho el Sabio, Vitoria-Gasteiz, 1995.
- VV. AA. (mod. ESTEVEZ, X., OTAEGUI, M.): «Protagonistas de la Historia Vasca»; Cuadernos de Sección Historia-Geografía, Nº 7, Eusko Ikaskuntza, Donostia, 1985, pp. 195-222.
- VV. AA.: «Castelao na Galiza do século XX. Actas do Simposio»; ASPG-Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña, 1999.

XOSÉ ESTÉVEZ.

Universidad de Deusto-Campus de San Sebastián.